

2.1 Introducción

No capítulo anterior estudamos a realidade macroeconómica galega do ano 2009; neste ímonos centrar primeiro na estrutura e na dinámica do tecido produtivo galego, para abordar despois a política industrial das diferentes administracións públicas.

Comezaremos co estudo das empresas galegas (en aspectos como a forma xurídica que adoptan, o tamaño da empresa segundo número de persoas empregadas, a distribución por provincias e por tipo de actividade) baseándonos fundamentalmente en datos obtidos do INE (DIRCE).

Complementaremos este achegamento cos datos que proporciona o INE sobre a creación e a disolución de sociedades mercantís, o procedemento concursal e os efectos de comercio impagados.

Centrarémonos a continuación en tres enquisas industriais do INE (de empresas, de produtos e de produción industrial), outras tres enquisas do sector servizos (as de indicadores da actividade deste sector produtivo, do comercio polo miúdo e do turismo) e nun estudo das expectativas dos empresarios con actividade en Galicia (o indicador de confianza empresarial, do IGE)

Faremos logo a análise dos resultados estatísticos que reflicten as enquisa de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), de innovación tecnolóxica e máis de indicadores de alta tecnoloxía.

Por último, abordaremos o estudo do sector público empresarial en Galicia (analizando a súa relevancia en emprego e en investimento) e da política industrial en Galicia, contemplada desde unha tripla perspectiva: da Unión Europea, da Administración Central e da Administración Autonómica.

2.2 Estrutura e dinámica empresarial galega

Neste apartado achegarémonos á estrutura e á evolución do tecido produtivo galego co estudo das empresas galegas segundo o número de traballadores/as, os sectores de actividade ou a condición xurídica, de acordo coa información subministrada polo *Directorio central de empresas* (DIRCE) do INE.

Esta información combina, na elaboración das estatísticas de empresas, os datos da Seguridade Social cos procedentes das retencións do IRPF, o imposto de actividades económicas e os de Rexistro Mercantil, someténdoo a un itinerario de tratamentos de depuración, harmonización e integración co obxecto de obter maior fiabilidade. Subliñaremos que os datos refírense á situación a día 1 de xaneiro de cada ano, e non inclúen as empresas dos sectores agrario e pesqueiro, nin os servizos administrativos das administracións públicas (aunque si as empresas públicas).

Empresas activas, por sector económico e comunidade autónoma. 2009

■ Cadro 2.1

	Sector económico				
	Total	Industria	Construcción	Comercio	Resto de servicios
Cataluña	619.624	47.471	81.275	140.839	350.039
Andalucía	510.072	33.633	54.918	145.845	275.676
Madrid	511.804	28.963	60.143	103.947	318.751
C. Valenciana	362.844	29.082	45.857	94.023	193.882
Galicia	201.263	15.053	28.705	54.773	102.732
Cast. e León	170.626	13.564	27.167	44.125	85.770
Pais Vasco	172.152	14.424	26.543	40.846	90.339
Canarias	139.381	6.251	15.346	36.963	80.821
Cast. A Mancha	134.479	14.776	24.292	35.221	60.190
Murcia	95.636	7.811	13.351	26.053	48.421
Aragón	93.283	7.798	14.264	21.823	49.398
Baleares	91.826	5.464	14.216	19.431	52.715
Asturias	71.853	4.306	9.993	17.527	40.027
Extremadura	67.181	5.508	9.460	20.859	31.354
Navarra	43.282	4.202	6.413	10.112	22.555
Cantabria	39.611	2.415	6.155	9.457	21.584
A Rioxa	23.525	2.838	3.377	5.819	11.491
Ceuta e Melilla	7.388	170	481	3.248	3.489
España	3.355.830	243.729	441.956	830.911	1.839.234

Fonte: INE, DIRCE.

O cadro 2.1 recolle a distribución por sectores económicos e comunidades autónomas das empresas que figuran no DIRCE ao comezo do ano 2009. Destacaremos os seguintes aspectos:

■ En contraste coa evolución de anos anteriores diminúen o número de empresas no último ano. No caso galego en 2.111, o 1,03% e 66.409 no total español o 1,94%. Cataluña é a que maior número de empresas acolle, atendendo ao emprazamento da súa sede central, cun 18,46% do total español; o segundo lugar ocúpao Madrid (15,25%) e o terceiro Andalucía (15,20%). Entre estas tres comunidades concentran case a metade (un 48,91%) do total de empresas de España, trece décimas máis que no ano anterior:

■ Cadro 2.2

Distribución das empresas. Por sectores económicos⁽¹⁾. Galicia/ España. 2003-2009

Sector	2003		2004		2005		2006		2007		2008		2009	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Industria	8,6	8,8	8,3	8,4	8,1	8,0	7,8	7,6	7,6	7,3	7,5	7,2	7,5	7,3
Construcción	13,8	12,8	14,0	13,3	14,2	13,6	14,5	14,1	14,9	14,6	15,0	14,6	14,3	13,2
Comercio	30,9	28,7	30,3	28,1	29,8	27,5	29,0	28,1	29,0	25,3	27,3	24,6	27,2	24,8
Resto de servicios	46,7	49,7	47,4	50,2	47,9	50,9	48,7	51,9	49,5	52,7	50,2	53,5	51,0	54,8

Elaboración propia.

(1) En porcentaxe de cada sector sobre o total de empresas.

Fonte: INE, DIRCE.

■ Galicia segue a ser a quinta comunidade por número de empresas, cun peso relativo no total español do 6% (porcentaxe lixeiramente superior en seis centésimas á do ano anterior e practicamente a par da poboación galega no Estado en 2009: 5,98%).

■ Ao redor da metade das empresas (51,04% en Galicia e 54,81% no total estatal) pertencen ao sector “resto de servizos”, no que figuran as empresas do sector de servizos diferentes das comerciais. Case a terceira parte do total das empresas son comerciais (27,21% en Galicia e 24,76% no total estatal). Conxuntamente, as empresas do sector servizos supoñen máis de tres de cada catro empresas que figuran no DIRCE, tanto en Galicia (78,26%) como en España (79,57%).

A análise comparativa da distribución sectorial de empresas en Galicia e España do cadro 2.2 e a evolución dos últimos oito anos no cadro 2.3, permite ás persoas interesadas o estudo máis polo miúdo.

■ Cadro 2.3

Evolución do número total de empresas. Galicia e España. 2001-2009

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Galicia	167.732	165.726	174.077	180.977	185.722	191.642	200.020	203.374	201.263
España	2.645.317	2.710.400	2.813.159	2.942.583	3.064.129	3.174.393	3.336.657	3.422.239	3.355.830

Elaboración propia.

Fonte: INE, DIRCE.

No cadro 2.4. presentamos a evolución das empresas en Galicia –con desagregación provincial– e máis no Estado dende 1995. Galicia ten a primeiros do ano 2009 un 6% do total estatal de empresas que figuran no DIRCE, porcentaxe moi similar á do ano anterior (5,9). A provincia da Coruña concentra agora un 41,61% das empresas galegas e a de Pontevedra o 34,46% polo que tres de cada catro empresas galegas pertencen a unha desas provincias.

■ Cadro 2.4

Distribución das empresas. Por provincias. Galicia/España. 1995-2009

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España	% G/E
1995	61.647	19.678	19.085	46.980	147.390	2.301.559	6,4
1996	63.865	20.254	19.779	48.597	152.495	2.384.711	6,4
1997	64.946	20.545	20.076	49.494	155.061	2.438.830	6,4
1998	66.313	20.945	20.370	50.955	158.583	2.474.690	6,4
1999	63.167	21.267	20.598	52.013	157.045	2.518.801	6,2
2000	69.381	21.825	20.959	53.907	166.072	2.595.392	6,4
2001	70.021	21.865	21.136	54.710	167.732	2.645.317	6,3
2002	66.276	21.942	21.215	56.293	165.726	2.710.400	6,1
2003	71.748	22.396	21.560	58.373	174.077	2.813.159	6,2
2004	74.809	22.479	22.118	61.571	180.977	2.942.583	6,2
2005	77.023	23.122	22.452	63.125	185.722	3.064.129	6,1
2006	79.170	23.780	22.843	65.849	191.642	3.174.393	6,0
2007	82.873	24.609	23.520	69.018	200.020	3.336.657	6,0
2008	84.220	25.035	23.711	70.408	203.374	3.422.239	5,9
2009	83.748	24.861	23.304	69.350	201.263	3.355.830	6,0

Elaboración propia.
Fonte: INE, DIRCE.

No último ano decreceu o número de empresas nas catro provincias de Galicia, e fíxoo en maior medida na de Ourense (1,72%), seguida de Pontevedra (1,50%) e en menor medida Lugo (0,70%) e, en A Coruña (0,56%).

A distribución nas provincias galegas –e nos totais galego e español– do número de empresas segundo a condición xurídica no último cuatrienio pódese ver no cadro 2.5, que reflicte que:

■ En Galicia as empresas propiedade de persoas físicas diminúen 2.395, tamén diminúen as sociedades anónimas (94) e as cooperativas (17) o maior aumento absoluto no último ano foi o das sociedades de responsabilidade limitada (1.038), seguido do número das asociacións que medran en 237.

■ Se da evolución pasamos á “foto fixa”, no último ano a empresa propiedade dunha persoa física segue a ser a fórmula maioritaria de máis da metade das empresas de Galicia (57,43%), aínda que segue a perder forza porcentual (0,60 centésimas este ano). A segunda é a sociedade de responsabilidade limitada (32,27%), que un ano máis sube a súa porcentaxe (neste caso en oitenta e catro centésimas).

■ Cadro 2.5

Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia/España 2005-2009

		Total empresas	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de respons. limitada	Sociedades colectivas	Sociedades comanditarias	Comunidades de bens	Sociedades cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos
A Coruña	2005	77.023	47.935	1.736	20.596	8	0	926	391	5.279	152
	2006	79.170	48.090	1.718	22.185	8	0	954	381	5.680	154
	2007	82.873	49.550	1.704	23.952	9	0	961	380	6.158	159
	2008	84.220	49.080	1.682	25.461	8	0	965	382	6.484	158
	2009	83.748	48.259	1.644	25.694	8	0	989	380	6.505	169
Lugo	2005	23.122	15.462	310	5.459	0	0	1.381	174	276	60
	2006	23.780	15.560	311	5.865	0	0	1.496	173	319	56
	2007	24.609	15.780	313	6.320	1	0	1.581	171	385	58
	2008	25.035	15.668	310	6.756	0	0	1.637	160	445	59
	2009	24.861	15.355	292	6.818	0	0	1.650	160	530	56
Ourense	2005	22.452	14.663	477	5.748	1	0	284	136	1.090	53
	2006	22.843	14.644	468	6.094	2	0	299	128	1.151	57
	2007	23.520	14.858	463	6.475	2	0	290	120	1.255	57
	2008	23.711	14.557	459	5.823	1	0	312	108	1.391	60
	2009	23.304	14.145	452	6.776	2	0	333	105	1.429	62
Pontevedra	2005	63.125	36.099	1.556	20.896	3	0	2.611	287	1.559	114
	2006	65.849	36.647	1.568	22.651	3	0	2.815	291	1.756	118
	2007	69.018	37.769	1.573	24.441	3	0	2.928	302	1.887	115
	2008	70.408	37.486	1.548	25.878	3	0	3.030	290	2.060	113
	2009	69.350	36.637	1.517	25.668	2	0	2.983	278	2.153	112
Galicia	2005	185.722	114.159	4.079	52.699	12	0	5.202	988	8.204	379
	2006	191.642	114.941	4.065	56.795	13	0	5.564	973	8.906	385
	2007	200.020	117.957	4.053	61.188	15	0	5.760	973	9.685	389
	2008	203.374	116.791	3.999	63.918	12	0	5.944	940	10.380	390
	2009	201.263	114.396	3.905	64.956	12	0	5.955	923	10.617	399
España	2005	3.064.129	1.767.265	121.441	918.449	406	100	94.898	25.801	127.414	8.355
	2006	3.174.393	1.791.126	117.441	992.658	400	98	102.592	25.328	136.286	8.464
	2007	3.336.657	1.853.012	115.580	1.078.614	371	97	107.591	24.949	147.901	8.542
	2008	3.422.239	1.857.931	113.130	1.145.398	333	93	113.378	24.516	158.730	8.730
	2009	3.355.830	1.793.897	109.330	1.140.820	306	85	114.831	23.483	164.284	8.794

Elaboración propia.

Fonte: INE, DIRCE.

No cadro 2.6 ofrecemos a distribución das empresas por estrato de asalariados/as nas provincias galegas –e nos totais galego e máis estatal– no último quinquenio. O predominio no tecido produtivo das pequenas empresas e das microempresas queda ben claro á vista de que:

■ Ao redor da metade das empresas galegas (50,22%) non teñen asalariados/as (52,67% en España) e un 59,78% das que teñen algún non pasan de dous empregados/as (57,86% en España, case dous puntos menos que en Galicia).

■ As empresas que empregan a 20 ou máis traballadores/as en Galicia (4.474) supoñen un 2,22% do total de empresas galegas e as de España (83.763) son un 2,50%.

■ Cadro 2.6

Empresas, por estrato de asalariados/as e provincias. Galicia/España. 2005-2009

		Sen asalariados/as	de 1 a 2 asalariados/as	de 3 a 5 asalariados/as	de 6 a 9 asalariados/as	de 10 a 19 asalariados/as	de 20 a 49 asalariados/as	de 50 a 99 asalariados/as	de 100 a 199 asalariados/as	de 200 a 499 asalariados/as	de 500 a 999 asalariados/as	de 1.000 a 4.999 asalariados/as	de 5.000 ou máis asalariados/as
A Coruña	2005	39.898	22.185	7.643	3.300	2.215	1.237	297	142	71	16	18	1
	2006	40.666	23.064	7.937	3.380	2.288	1.250	323	155	73	15	18	1
	2007	42.861	24.025	8.160	3.632	2.298	1.286	338	156	78	18	20	1
	2008	43.314	24.630	8.273	3.666	2.341	1.346	358	162	92	16	19	3
	2009	44.007	23.866	8.182	3.525	2.257	1.278	355	158	85	16	16	3
Lugo	2005	11.234	7.541	2.455	965	552	297	44	23	7	3	1	0
	2006	11.491	7.631	2.681	1.013	572	309	49	22	7	4	1	0
	2007	11.928	7.856	2.721	1.079	615	306	59	30	8	6	1	0
	2008	12.166	7.828	2.841	1.100	667	325	67	30	5	5	1	0
	2009	12.315	7.595	2.805	1.096	622	322	70	24	6	4	2	0
Ourense	2005	11.498	6.872	2.278	899	512	284	68	25	9	4	3	0
	2006	11.646	7.054	2.291	920	546	270	72	25	12	3	4	0
	2007	12.027	7.265	2.355	906	568	280	76	22	15	3	3	0
	2008	12.103	7.284	2.418	916	576	290	77	23	16	3	5	0
	2009	12.098	6.995	2.386	894	543	282	59	27	14	2	4	0
Pontevedra	2005	29.071	19.863	7.178	3.235	2.118	1.207	260	112	61	10	9	1
	2006	30.308	20.778	7.505	3.352	2.181	1.246	289	109	63	9	8	1
	2007	32.031	21.637	7.880	3.428	2.247	1.289	294	132	59	11	9	1
	2008	32.543	22.162	7.980	3.531	2.302	1.356	319	125	70	10	8	2
	2009	32.654	21.436	7.930	3.467	2.116	1.263	306	122	65	9	7	2
Galicia	2005	91.701	56.461	19.554	8.399	5.397	3.025	669	302	148	33	31	2
	2006	94.111	58.527	20.414	8.665	5.587	3.075	733	311	155	31	31	2
	2007	98.847	60.783	21.116	9.045	5.728	3.161	767	340	160	38	33	2
	2008	100.126	61.904	21.512	9.213	5.886	3.317	821	340	183	34	33	5
	2009	101.074	59.892	21.303	8.982	5.538	3.118	790	331	170	31	29	5
España	2005	1.574.166	850.367	310.787	145.443	100.211	56.260	14.394	7.003	3.817	967	630	84
	2006	1.616.883	881.748	328.820	154.635	105.470	58.725	15.087	7.367	3.908	999	658	93
	2007	1.706.140	932.526	340.638	158.159	108.866	60.738	15.737	7.780	4.218	1.072	684	99
	2008	1.754.374	958.711	345.848	160.460	110.369	61.709	16.242	8.061	4.511	1.117	725	112
	2009	1.767.470	919.092	332.671	151.233	101.601	55.641	15.075	7.672	3.578	1.008	678	111

Elaboración propia.
Fonte: INE, DIRCE.

O cadro 2.7 explícita a porcentaxe de empresas que teñen asalariados/as en Galicia e no Estado dende 1995. Subliñaremos que:

■ A porcentaxe de Galicia en 2009 diminúe en 1 punto con respecto ao ano anterior e sitúase (despois da tendencia a suba dende 1996) no valor máis baixo desde 2003.


■ A porcentaxe de Galicia estivo sempre por riba da estatal dende 1998; no último ano, o diferencial é de dous puntos e medio (dúas décimas e media máis que no anterior).

**Porcentaxe de empresas que teñen asalariados/as.
Galicia/España. 1995-2009**

■ Cadro 2.7

	Galicia	España
1995	41,0	42,4
1996	41,6	42,5
1997	43,3	43,3
1998	44,4	43,8
1999	46,0	44,9
2000	46,1	45,4
2001	47,7	46,7
2002	49,3	47,4
2003	49,6	48,1
2004	50,6	49,0
2005	50,6	48,6
2006	50,9	49,1
2007	50,6	48,9
2008	50,8	48,7
2009	49,8	47,3

Elaboración propia.
Fonte: DIRCE.



O número de empresas de cada un dos estratos de asalariados/as en Galicia e España figura no cadro 2.8. Na comparanza das porcentaxes Galicia-España apréciase que a participación relativa de Galicia no total español só é maior que a correspondente á nosa poboación (5,98%) nos tramos de menos asalariados/as (1-2 e 3-5) mentres que son especialmente pequenas no estrato de máis asalariados/as e nos situados entre 100 e 1.000 persoas empregadas.

■ Cadro 2.8

Número de empresas, por estrato de asalariados/as. Galicia/España. 2009

	Total empresas	Sen asalariados/as	de 1 a 2 asalariados/as	de 3 a 5 asalariados/as	de 6 a 9 asalariados/as	de 10 a 19 asalariados/as	de 20 a 49 asalariados/as	de 50 a 99 asalariados/as	de 100 a 199 asalariados/as	de 200 a 499 asalariados/as	de 500 a 999 asalariados/as	de 1.000 a 4.999 asalariados/as	de 5.000 ou máis asalariados/as
Galicia	201.263	101.074	59.892	21.303	8.982	5.538	3.118	790	331	170	31	29	5
España	3.355.830	1.767.470	919.092	332.671	151.233	101.601	55.641	15.075	7.672	3.578	1.008	678	111
% Galicia/España	6,0	5,7	6,5	6,4	5,9	5,5	5,6	5,2	4,3	4,8	3,1	4,3	4,5

Fonte: INE, DIRCE.

Unha información máis polo miúdo das empresas con asalariados/as é a que figura no cadro 2.9, que recolle a porcentaxe de empresas por estrato de asalariados/as en Galicia e no Estado nos últimos oito anos. Compróbase que en 2009 só no primeiro e segundo estrato –de un a dous e de tres a cinco asalariados/as– as empresas galegas superan en porcentaxe ás do total do estado, e vaise abrindo a diferenza (en termos relativos) a prol de España nos catro estratos seguintes a medida que vai subindo o tamaño do cadro de persoal.

■ Cadro 2.9

Porcentaxe de empresas. Por estrato de asalariados/as⁽¹⁾. Galicia/España. 2000-2009

	Galicia						España					
	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50 ou máis
2000	59,5	21,1	8,7	6,1	3,4	1,2	56,6	20,9	9,2	7,2	4,2	1,9
2001	59,3	20,9	9,3	6,0	3,2	1,3	56,0	21,0	10,2	7,0	3,9	1,9
2002	59,0	21,1	9,3	6,0	3,3	1,3	55,8	21,1	10,2	7,0	3,9	1,7
2003	59,8	20,8	9,0	5,9	3,2	1,3	56,2	21,1	10,1	6,9	3,8	1,9
2004	59,9	21,1	8,9	5,8	3,1	1,2	56,7	21,1	9,9	6,8	3,7	1,8
2005	60,1	20,8	8,9	5,7	3,2	1,3	57,1	20,9	9,8	6,7	3,8	1,8
2006	60,0	20,9	8,9	5,7	3,2	1,3	56,6	21,1	9,9	6,8	3,8	1,8
2007	60,1	20,9	8,9	5,7	3,1	1,4	57,2	20,9	9,7	6,7	3,7	1,8
2008	60,0	20,8	8,9	5,7	3,2	1,4	57,5	20,7	9,6	6,6	3,7	1,8
2009	59,8	21,3	9,0	5,5	3,1	1,4	57,9	20,9	9,5	6,4	3,5	1,8

Elaboración propia, a partir dos datos do DIRCE.

(1) Calculado sobre o total de empresas que teñen algún asalariado/a.

A *Estatística de sociedades mercantís* do INE reflicte (no cadro 2.10) que no ano 2009:

■ Creáronse en Galicia 3.828 sociedades mercantís do total de 78.171 en España, o que supón unha porcentaxe do 4,9%, fronte ao 5,2% do ano anterior.

■ Houbo unha forte diminución (1.524 sociedades menos) respecto de 2008 e moito máis (unha caída dun 42,3%) se a comparanza a facemos co ano 2007, no que se constituíran en Galicia 6.633 sociedades mercantís.

■ O capital subscrito para a constitución destas sociedades estivo ao redor dos 170 millóns de euros en Galicia, do total de 4.782 millóns do total estatal, o que representa un 3,6%, case a terceira parte do ano 2008 (10%) e moi por baixo do peso demográfico ou económico de Galicia en España.

**Sociedades mercantís creadas e capital social (*) suscrito.
Por CC.AA. 2009**

■ Cadro 2.10

	Nº sociedades	Capital suscrito
Andalucía	12.736	511.477
Aragón	1.843	105.410
Asturias	1.153	64.114
Baleares	2.144	59.629
Canarias	2.788	78.247
Cantabria	670	17.007
Castela e León	3.019	147.334
Castela A Mancha	2.729	114.765
Cataluña	14.607	1.054.316
C. Valenciana	8.825	392.607
Extremadura	1.119	27.840
Galicia	3.828	170.145
Madrid	15.943	1.458.903
Murcia	2.349	220.804
Navarra	943	57.682
País Vasco	2.954	277.453
A Ríoxa	381	21.008
Ceuta	68	2.184
Melilla	72	789
España	78.171	4.781.720

(*) Capital social, en miles de euros.

Fonte: INE, "Estadística de sociedades mercantiles".

O cadro 2.11 reflicte o capital medio suscrito polas sociedades mercantís de Galicia e o total estatal desde unha dobre perspectiva: a das sociedades creadas e a das que ampliaron o seu capital social.

Capital medio suscrito das sociedades mercantís. Galicia / España. 2009

■ Cadro 2.11

	Das sociedades creadas	Soc. amplían capital
Galicia	85.964	591.184
España	113.945	1.260.413

Fonte: INE, "Estadística de Sociedades Mercantiles".

■ O capital medio suscrito polas sociedades mercantís constituídas en España en 2009 estivo un 32,5% por riba do promedio das creadas de Galicia. Na desagregación por comunidades e cidades autónomas subliñaremos que o maior capital medio nas sociedades mercantís de nova creación foi o de Murcia (471.156 euros) e os menores tiverón Ceuta e Baleares (8.000 e 8.090 euros respectivamente).

■ O capital medio suscrito polas sociedades mercantís que ampliaron o seu capital social en España en 2009 estivo un 113,2% por riba do promedio das creadas de Galicia.

Na desagregación por comunidades e cidades autónomas subliñaremos que o maior capital medio nas sociedades mercantís que ampliaron o seu capital social en 2009 foi a de Madrid (2.812.615 euros) e os menores presentárono Ceuta e A Ríoxa.

O estudo das sociedades mercantís que en 2009 ampliaron o seu capital social ou se disolveron en Galicia e no total español pode facerse a partir dos datos do cadro 2.12, no que sobrancearemos:

■ A participación relativa de Galicia no total de sociedades mercantís que ampliaron o seu capital social en 2009 en España foi do 5%, por baixo do peso relativo que a nivel demográfico, de PIB ou de número de empresas ten a nosa comunidade no conxunto do Estado.

■ A participación relativa de Galicia no total de sociedades mercantís que se disolveron en 2009 en España foi do 6,5%, por riba do peso relativo que a nivel demográfico, de PIB ou de número de empresas ten a nosa comunidade no conxunto do Estado.

■ A suba porcentual das sociedades mercantís que se disolveron en Galicia en 2009 respecto do ano anterior (11,9%) foi moito maior que no promedio estatal (7,2%).

■ Un 81,2% das sociedades mercantís que se disolveron en Galicia en 2009 fixérono voluntariamente, un 10,2% por fusión e o 8,6% restante por outras causas.

**Sociedades mercantís que amplían capital e sociedades disoltas.
Galicia / España 2009**

■ Cadro 2.12

	Amplian capital		Soc. Disoltas			
	Número	Capital (*)	Total	Voluntaria	Por fusión	Otras
Galicia	1.834	1.174.190	1.131	929	115	87
España	36.665	37.783.441	17.385	14.010	2.032	1.343

Fonte: INE, "Estadística de Sociedades Mercantís."
(*) Capital, en miles de euros.

A *Estadística do Procedemento Concursal* do INE permítenos o estudo dos debedores concursados en Galicia e en España: o cadro 2.13 reflicte que este número foi en 2009 en Galicia de 345 (fronte aos 185 do ano anterior), o que supón un 5,83% do total estatal (fronte ao 6% do ano anterior), porcentaxe que está por riba do peso relativo de Galicia en España en PIB (5,2%).

Debedores concursados. Galicia / España. 2009

■ Cadro 2.13

	2.008	2.009
Galicia	185	345
España	2.902	5.922

Fonte: INE, "Estadística do procedemento concursal".

O importante empeoramento económico do último bienio é perceptible tan só con fixarmos en que os debedores concursados en Galicia en 2007 foran 64, no ano 2008 subiron a 185 e en 2009 (en que case triplicou a do ano precedente) ascenderon a 345. A porcentaxe de incremento dos debedores sometidos a concurso de acredores no último bienio foi dun 439%, sinal inequívoco da intensidade da crise económica na que estamos.

No cadro 2.14 ofrecemos a desagregación dos concursos de acredores por natureza xurídica do debedor, por tipo de concurso e por clase de procedemento. Sobrancearemos que:

Debedores concursados. Desagregación en distintas variables. Galicia / España 2009

■ Cadro 2.14

	Galicia	España
Por natureza xurídica		
- Personas físicas sen actividade empresarial	70	938
- Empresas	275	4.984
· Personas físicas	21	269
· Soc. anónimas	29	973
· Soc. limitadas	222	3.778
· Outras	3	64
Por tipo de concurso		
Por vontade	338	5.614
Necesario	7	308
Por clase de procedemento		
· Ordinario	39	1.314
· Abreviado	306	4.608

Elaboración propia.

Fuente: INE, "Estadística do procedemento concursal".

■ Dos 345 debedores sometidos a concurso de acredores en Galicia en 2009, case dous de cada tres foron sociedades de responsabilidade limitada (un 64,4% do total de debedores concursados); no apartado específico das empresas seguíronlle ás SRL as sociedades anónimas (8,4%) e as empresas que son propiedade dunha persoa física (6,1%).

■ Segundo o tipo de concurso, un 98% dos debedores sometidos a concurso de acredores en Galicia en 2009 foron *voluntarios* e só un 2% foron *necesarios*.

■ Segundo a clase de procedemento, os *abreviados* (88,7%) superaron en Galicia (en case oito veces aos *ordinarios* (11,3%), mentres que no total estatal triplicáronos.

Unha análise máis polo miúdo dos debedores empresariais sometidos a concurso de acredores en Galicia no ano 2009 reflicte no cadro 2.15 que:

■ Por tramo de asalariados, os máis deles concentráronse nas empresas de menos asalariados, xa que 239 foron en empresas de menos de 50 empregados e só 36 en empresas que superan ese limiar de persoas ocupadas. As *microempresas* (empresas de menos de 10 persoas asalariadas) foron 130 empresas concursadas, o que supón un 47,3% do total, porcentaxe semellante á do ano anterior (47%).

Empresas concursadas por tramos de asalariados, volume de negocio e actividade económica principal. Galicia / España. 2009

■ Cadro 2.15

	Galicia	España
Por tramos de asalariados		
- Total empresas	275	4.984
- Número de asalariados		
· 0	20	401
· 1-9	110	1.935
· 10-49	109	1.898
· 50-99	20	286
· Máis de 100	6	186
· Sen clasificar	10	278
Por volume de negocio (*)		
· Menos de 2	187	3.106
· 2-5	48	897
· 5-10	20	358
· Máis de 10	10	345
· Sen clasificar	10	278
Por actividade económica principal		
· Agricultura e pesca	6	45
· Industria	73	1.188
· Enerxía	2	13
· Construción	101	1.671
· Servizos	83	1.859
· Sen clasificar	10	278

Elaboración propia.

(*) En millóns de euros.

Fonte: INE, "Estadística do procedemento concursal".

■ Po chanzas de volume de negocio, a maioría concentrouse nas empresas de menos facturación, xa que as empresas que non chegaron en 2009 aos dous millóns de euros en vendas supuxeron un 68% do total das concursadas.

■ Por sectores produtivos, o que tivo máis concursos de acredores en Galicia en 2009 non foi o de servizos (como o ano anterior) senón o da construción (36,7% do total), seguido dos servizos (30,2%) e da industria (26,6%).

A *Estatística de Efectos de Comercio Impagados*, que elabora o INE, reflicte que o número total de efectos impagados en Galicia en 2009 foi de 225.881, o que supón unha diminución de 47.529 respecto do ano anterior (un 17,4%); este descenso estivo algo por riba do que se deu no conxunto do Estado (16,6%).

O cadro 2.16 explicita que a porcentaxe de efectos impagados sobre os vencidos foi no último ano 1,1 puntos porcentuais menor en Galicia que no promedio español; a porcentaxe galega repetiu o dato de 2008 e superou amplamente o dato de 2007 (no que fora dun 2,64%).

**Porcentaxe de efectos comerciais impagados sobre vencidos.
Por CC.AA. 2009**

■ Cadro 2.16

	% impagados sobre vencidos
Andalucía	6,2
Aragón	4,6
Asturias	4,3
Baleares	6,1
Canarias	7,4
Cantabria	4,7
Castela e León	4,2
Castela A Mancha	5,0
Cataluña	5,0
C. Valenciana	5,7
Estremadura	5,7
Galicia	4,0
Madrid	5,6
Murcia	5,5
Navarra	3,4
País Vasco	3,9
A Rioxa	4,1
Ceuta e Melilla	4,1
España	5,1

Fonte: INE, "Estadística de efectos de comercio impagados".

A desagregación por comunidades autónomas reflicte que foron as mesmas de 2008 as dúas que tiveron maiores porcentaxes de efectos impagados sobre o total de efectos comerciais vencidos (Canarias, Andalucía) e as de menores porcentaxes (Navarra e País Vasco).

2.3 Análise de enquisas industriais

A información do tecido produtivo galego baseada no DIRCE que vimos no anterior epígrafe complementarémola neste epígrafe cos datos que sobre o noso sector industrial figuran en tres enquisas industriais elaboradas polo INE (*de empresas, de produtos e de producción industrial*).

2.3.1 Enquisa industrial de empresas

A *Enquisa Industrial de Empresas* proporciona unha información interesante para o estudo das características dos distintos sectores da actividade industrial –nos niveis estatal e autonómico– e intégrase no proxecto europeo de estatísticas estruturais das empresas; os últimos datos proporcionados son do ano 2008.

Comprobamos no cadro 2.17 que a maior participación na cifra de negocios total estatal en 2008 tívérona Cataluña, Andalucía, Madrid, C. Valenciana e País Vasco, que conxuntamente concentraron case dous terzos (un 64,1%) da cifra de negocios do sector industrial en España. A porcentaxe de Galicia no agregado estatal dese ano

(6,7%) superou en unha décima á do ano anterior e permitiulle a Galicia continuar na sexta posición entre as comunidades autónomas.

■ Cadro 2.17

Cifra de negocios⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2007-2008

	2007	% sobre o total	2008	% sobre o total
Andalucía	65.138	10,4	66.925	10,7
Aragón	28.574	4,6	27.525	4,4
Asturias	17.180	2,7	15.064	2,4
Baleares	4.753	0,8	5.294	0,8
Canarias	9.614	1,5	10.632	1,7
Cantabria	8.515	1,4	8.904	1,4
Castela e León	35.909	5,7	38.143	6,1
Castela A Mancha	27.824	4,4	30.510	4,9
Cataluña	147.398	23,6	143.284	22,9
C. Valenciana	63.700	10,2	64.420	10,3
Extremadura	6.137	1,0	6.780	1,1
Galicia	41.205	6,6	41.903	6,7
Madrid	67.831	10,8	65.535	10,5
Murcia	15.579	2,5	16.927	2,7
Navarra	20.118	3,2	20.064	3,2
País Vasco	60.940	9,7	60.997	9,7
A Ríoxa	5.475	0,9	5.989	1,0
España	625.890	100,0	628.903	100,0

(1) En millóns de euros.

Fonte: INE, "Enquisa industrial de empresas".

No cadro 2.18 podemos ver que, nas tres variables analizadas, o peso relativo de Galicia no total estatal aumentou no ano 2008 (entre unha e dúas décimas, segundo as variables), quedando en todas elas nun intervalo do 6,7% ao 6,9%. Como en todos os anos estudados no cadro, a porcentaxe máis baixa foi a da cifra de negocios. As tres variables quedaron en 2008 nun nivel superior ao peso relativo de Galicia na poboación ou o PIB do total do Estado.

Evolución do peso de Galicia no total estatal nas principais variables da industria⁽¹⁾. 2001-2008

■ Cadro 2.18

	Persoas ocupadas	Horas traballadas	Cifra de negocios
2001	6,0	6,1	5,8
2002	6,2	6,3	6,2
2003	6,2	6,2	6,1
2004	6,1	6,2	6,0
2005	6,3	6,3	6,0
2006	6,5	6,5	6,2
2007	6,7	6,8	6,6
2008	6,9	6,9	6,7

Elaboración propia

(1) Datos en porcentaxe de Galicia sobre o total de España.

Fonte: INE, "Enquisa industrial de empresas".

Ese mesmo cadro permite unha visión dinámica a longo prazo da participación industrial de Galicia no total estatal nesas tres variables; a análise comparativa dos datos de 2001 e 2008 reflicte que aumentou (entre oito e nove décimas, segundo a variable) a participación galega no conxunto español nese período nas tres variables.

No cadro 2.19 presentamos a desagregación por *agrupacións de actividade* dos datos da *cifra de negocios* en Galicia, coa finalidade de facilitar a análise das persoas que desexen afondar no estudo da nosa estrutura industrial. En 2008 nas agrupacións de actividade cunha maior achega á cifra de negocios total do sector industrial de Galicia sobrancearon en primeiro lugar o epígrafe de *Material de transporte*, en segundo lugar o de *Industrias extractivas, enerxía, auga, refugallo*s e en terceiro lugar *Alimentación, bebidas e tabaco*.

■ **Cadro 2.19** **Importe neto da cifra de negocios⁽¹⁾. Por agrupacións de actividade. Galicia 2008**

	2008
Industrias extractivas, enerxía, auga e refugallo	8.272.950
Alimentación, bebidas e tabaco	7.497.001
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	2.175.519
Madeira, cortiza, papel e artes gráficas	2.512.312
Industria química e farmacéutica	1.394.053
Caucho e materias plásticas	894.779
Produtos minerais non metálicos diversos	1.682.750
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	5.588.327
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	989.316
Maquinaria e equipo mecánico	849.953
Material de transporte	8.991.150
Industrias manufactureiras diversas, reparación e instalacións de maquinaria e equipo	1.055.181

(1) En miles de euros.

Fonte: INE. Enquisa industrial de empresas.

A principal diferenza ao comparar a estrutura produtiva da industria galega coa estatal é que a agrupación de *Material de transporte*, que en Galicia ocupa a primeira posición, baixa en España á cuarta posición (tras as dúas sinaladas entre as tres primeiras de Galicia acompañando ao *Material de transporte* máis a rúbrica de *Metalurxia-fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo*).

2.3.2 Enquisa industrial de produtos

Esta enquisa proporciona datos desde 1993, ano no que comezou España o seu proceso de adaptación ao Regulamento PRODCOM (PRODucción COMunitaria) relativo á harmonización das estatísticas sobre a produción industrial nos países da UE; inclúe unha lista de produtos industriais (uns 5.000) de xeito harmonizado coa clasificación que se fai a efectos de comercio exterior na UE, para facilitar a comparación de datos de produción industrial cos obtidos nas estatísticas de comercio exterior. A estatística, a partir do ano 2005, está baseada (no tocante aos bens) na nomenclatura de comercio exterior da Unión Europea (a NC ou Nomenclatura Combinada, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2005).

O cadro 2.20 recolle o valor da produción comercializada polas distintas comunidades autónomas en 2009. Galicia segue a ocupar a sexta posición entre as comunidades autónomas e representa un 7,6% do total español (dúas décimas máis que no ano anterior).

■ Cadro 2.20

Ventas por CCAA. 2009

	Millóns de euros	% respecto ao total	%variación no ano
Andalucía	35.225	11,0	-22,6
Aragón	15.251	4,8	-18,9
Asturias	7.645	2,4	-26,1
Baleares	1.240	0,4	-24,8
Canarias	4.280	1,3	-23,7
Cantabria	4.652	1,4	-23,5
Castela e León	23.085	7,2	-8,8
Castela A Mancha	14.932	4,7	-20,1
Cataluña	73.649	23,0	-22,1
C.Valenciana	31.826	9,9	-23,5
Extremadura	2.829	0,9	-21,9
Galicia	24.160	7,6	-19,7
Madrid	26.221	8,2	-17,7
Murcia	7.953	2,5	-22,5
Navarra	11.207	3,5	-19,5
País Vasco	32.352	10,1	-28,8
Rioxa (A)	3.592	1,1	-12,3
España	320.099	100,0	-21,5

Fonte: INE, "Enquisa industrial de produtos".

O valor das vendas de produtos industriais de Galicia foi en 2009 de 24.160 millóns de euros e rexistrou unha forte diminución (-19,7%) anque menor que no promedio estatal (-21,5%). Todas as comunidades autónomas baixaron o importe das súas vendas en 2009, sendo os maiores descenso porcentuais os de País Vasco e Asturias e os menores os de Castela-León e A Rioxa.

Sobrancea a elevada concentración xeográfica en seis comunidades, que de maior a menor participación no total estatal son: Cataluña, Andalucía, País Vasco, C.Valenciana, Madrid e Galicia; conxuntamente axuntan un 69,8% do importe das vendas estatais.

A visión dinámica a longo prazo da participación relativa de Galicia no importe total estatal da produción comercializada figura no cadro 2.21. Despois da suba continuada ata 2003 (que se deu desde 1998, anque non está recollido no cadro) Galicia baixou no bienio seguinte a porcentaxe e tivo unha forte suba (de 1,2 puntos porcentuais) no cuatrienio 2006-2009, até chegar ao 7,6%, o mellor dato desde que se elabora este indicador; 1,6 puntos por riba da nosa participación relativa no Estado en poboación e 2,4 puntos por riba do noso peso relativo en PIB.

Evolución do peso de Galicia no total estatal da produción comercializada⁽¹⁾. 2001-2009

■ Cadro 2.21

	% Galicia / España
2001	6,3
2002	6,5
2003	6,6
2004	6,5
2005	6,4
2006	6,7
2007	7,1
2008	7,4
2009	7,6

Elaboración propia.

(1) Lista de produtos PRODCOM.

Fonte: INE, "Enquisa industrial de produtos".

No cadro 2.22 presentamos a desagregación por *grandes agrupacións* do valor da produción comercializada galega. Antes de nada, cómpre sinalar que houbo un cambio que debe ter en conta quen desexe comparanzas con anos anteriores: ata o ano 2007 recollía as seccións D-E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) de 1993, mentres que desde os datos correspondentes ao ano 2008 reflicte as seccións D-E da CNAE de 2009 (aprobada polo Real Decreto 475/2007, de 13 de abril), con algúns epígrafes diferentes dos da CNAE-1993.


■ Cadro 2.22

Porcentaxe do valor da produción comercializada, por grandes agrupacións. Galicia. 2008-2009

CNAE-2009		2008 %	2009 %
Galicia		100,0	100,0
10-11-12	Alimentación, bebidas e tabaco	17,5	20,0
13-14	Téxtil e confección	4,5	4,8
15	Coiro e calzado	0,2	0,3
16	Madeira e cortiza	3,5	3,1
17-18	Papel, artes gráficas e reprodución soportes grabados	1,8	1,8
19-20-21	Coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos	10,9	10,1
22	Manufacturas de caucho e plástico	2,2	2,4
23	Produtos minerais non metálicos	3,8	3,6
24	Producción, 1ª transformación e fundición de metais	7,8	5,7
25	Produtos metálicos	6,6	5,9
26-27	Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	2,6	3,0
28	Maquinaria e equipo	2,6	2,6
29-30	Material de transporte	26,2	27,3
31-32	Mobles e outras industrias manufactureiras	1,1	1,1
33	Reparación e instalacións de maquinaria e equipo	2,8	2,9
35	Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	5,9	5,6

Elaboración propia.

Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos.



Constátase que tres apartados (*Material de transporte*, *Alimentación-bebidas-tabaco* e *Coquerías-refino-químicas-produtos farmacéuticos*) concentraron en 2009 máis da metade (57,4%, 2,8 puntos porcentuais máis que en 2008) do valor da produción comercializada de Galicia (da lista PRODCOM).


O cadro 2.23 permítenos realizar a comparanza da estrutura produtiva do tecido industrial galego coa estatal, xa que nel figura a desagregación *por grandes agrupacións* do peso relativo de Galicia no total de España. Sobranceamos en letra negriña no cadro os tres epígrafes nos que sobresaie máis significativamente a nosa comunidade (nas tres por riba do dobre da participación porcentual de Galicia en España en poboación ou en PIB).

■ Cadro 2.23

Porcentaxe do valor da produción comercializada de Galicia sobre o total de España. Por grandes agrupacións. 2009

CNAE-2009		%
Total España		100,0
10-11-12	Alimentación, bebidas e tabaco	7,0
13-14	Téxtil e confección	15,4
15	Coiro e calzado	3,1
16	Madeira e cortiza	17,2
17-18	Papel, artes gráficas e reprodución de soportes grabados	3,2
19-20-21	Coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos	5,1
22	Manufacturas de caucho e plástico	4,7
23	Produtos minerais non metálicos	5,5
24	Producción, 1ª transformación e fundición de metais	7,3
25	Produtos metálicos	6,1
26-27	Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	4,9
28	Maquinaria e equipo	4,9
29-30	Material de transporte	14,9
31-32	Mobles e outras industrias manufactureiras	3,6
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo	8,2
35	Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	9,0

Fonte: INE, Enquisa industrial de produtos.



As porcentaxes de produción comercializada en Galicia e España que figuran no cadro 2.23 reflicten que é especialmente grande en 2009 o diferencial a prol de Galicia polo maior peso relativo na estrutura industrial en *Madeira-cortiza*, *Téxtil-confección*, *Material de transporte*) mentres que a diferenza a prol de España é especialmente grande nos epígrafes de *Coiro-calzado*, *Papel, artes gráficas-reprodución de soportes grabados*, *Mobles-outras industrias manufactureiras*.

2.3.3 Enquisa de produción industrial

O cadro 2.24 reflicte que o Índice de produción industrial subiu un 1,5% en Galicia en 2009, mentres que no promedio estatal baixo nesa mesma porcentaxe. A maior diminución foi a de Estremadura (-18,7%) e a maior suba, a de Navarra (14,5%).

Índice xeral de produción industrial. Por CC.AA. 2009

■ Cadro 2.24

	Índice	% de variación sobre igual período do ano anterior
Andalucía	77,2	-11,5
Aragón	76,4	-3,0
Asturias	75,7	-11,4
Baleares	64,4	-9,7
Canarias	89,3	-1,1
Cantabria	82,4	4,6
Castela e León	80,4	-8,1
Castela A Mancha	80,3	-6,2
Cataluña	79,9	3,9
C. Valenciana	80,0	6,0
Estremadura	78,3	-18,7
Galicia	90,9	1,5
Madrid	88,4	-5,2
Murcia	81,9	-1,4
Navarra	76,6	14,5
País Vasco	80,4	-2,7
A Ríoxa	79,2	-8,5
España	79,1	-1,5

Fonte: INE, "Índice de produción industrial".

2.4 Enquisas do Sector Servizos

A terciarización das economías máis desenvolvidas é un trazo fundamental hoxe en día en calquera país; achegáremonos aos indicadores de actividade dos servizos de mercado no seu conxunto e máis aos de dúas das actividades de gran importancia nel: a turística e a comercial.

O cadro 2.25 reflicte que a cifra de negocios dos servizos de mercado rexistrou en 2009 en Galicia unha diminución do 2,6%, maior que no promedio estatal (-1,9%). Nese ano tan só subiu a súa cifra de negocios unha comunidade autónoma (Cataluña, sen chegar ao 1%); as maiores diminucións foron as de Murcia e Canarias (as dúas por riba do 7%).

**Índices generales de cifra de negocios dos servizos.
Por comunidades autónomas. 2009**

■ Cadro 2.25

	Índice decembro 2009	% de variación anual
Andalucía	101,9	-4,5
Aragón	115,4	-4,0
Asturias	117,2	-1,6
Baleares	78,7	-5,1
Canarias	102,9	-7,6
Cantabria	105,8	-1,7
Castela e León	107,6	-1,8
C. A Mancha	97,5	-3,0
Cataluña	107,1	0,9
C. Valenciana	101,9	-2,0
Estremadura	110,9	-4,9
Galicia	118,3	-2,6
Madrid	109,2	-0,5
Murcia	104,2	-7,3
Navarra	112,7	-0,3
País Vasco	112,1	-3,0
A Ríoxa	113,6	-0,4
España	106,7	-1,9

Fonte: INE. "Indicadores de Actividade do Sector Servizos".

O índice de emprego nos servizos de mercado (que presentamos no cadro 2,26) baixou en Galicia un 2,2% en 2009; a diminución media estatal foi dun -4%. Ningunha comunidade rexistrou unha suba porcentual da ocupación, nun ano no que Canarias e C. Valenciana presentaron os rexistro máis negativo nesta variable mentres que Cantabria tivo a menor diminución.

**Índices generales de persoal ocupado nos servizos.
Por comunidades autónomas. 2009**

■ Cadro 2.26

	Índice decembro	% de variación anual
Andalucía	98,0	-4,4
Aragón	96,0	-4,6
Asturias	103,1	-2,0
Baleares	85,1	-4,5
Canarias	92,1	-6,1
Cantabria	100,6	-0,8
Castela e León	101,5	-1,7
C. A Mancha	95,5	-3,7
Cataluña	95,7	-4,0
C. Valenciana	95,6	-5,8
Extremadura	99,2	-2,2
Galicia	102,9	-2,2
Madrid	97,6	-4,2
Murcia	100,3	-2,3
Navarra	99,9	-2,3
País Vasco	99,4	-2,9
A Ríoxa	98,8	-1,9
España	97,2	-4,0

Fonte: INE. "Indicadores de Actividade do Sector Servizos".

No tocante ao comercio interior polo miúdo, o cadro 2.27 reflicte que en 2009 houbo unha diminución do 1,9% en Galicia, mentres que o promedio estatal triplicou ese descenso (-5,4%) nun ano no que este índice baixou en todas as comunidades autónomas, con especial intensidade na C.Valenciana e Baleares.

Índices de comercio polo miúdo. Por comunidades autónomas. 2009

■ Cadro 2.27

	2009	% variación ⁽¹⁾ anual
Andalucía	111,8	-4,9
Aragón	117,4	-5,0
Asturias	122,3	-2,4
Baleares	89,1	-8,4
Canarias	114,7	-6,4
Cantabria	114,4	-3,2
Castela e León	117,1	-1,0
Castela A Mancha	113,9	-5,8
Cataluña	115,7	-4,6
Comunidade Valenciana	107,4	-8,2
Extremadura	123,1	-2,3
Galicia	118,2	-1,9
Madrid	115,0	-7,0
Murcia	107,2	-7,6
Navarra	119,7	-5,7
País Vasco	118,2	-3,6
A Ríoxa	107,6	-6,8
Ceuta	110,9	-3,2
Melilla	113,2	-0,3
España	113,5	-5,4

(1) Decembro sobre decembro do ano anterior. Prezos constantes. Base 2005.

Fonte: INE, "Índices de comercio polo miúdo".

O cadro 2.28 permítenos un achegamento ao comportamento do sector turístico galego no último cuadrienio, ao fío do *Observatorio da economía galega*, que elabora a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Nel figuran o número de viaxeiros que entraron en Galicia, as pernoitas e o grao de ocupación hoteleira no último cuadrienio. Sobrancearemos que:

■ A taxa de variación interanual de Galicia no total de viaxeiros/as foi en 2009 negativa nun 3,8%, seguindo (con menor intensidade) coa diminución de 2008. Foi moito menor entre os viaxeiros/as residentes en España que nos/as residentes no estranxeiro

■ A porcentaxe de variación interanual das pernoitas en Galicia no ano 2009 foi tamén negativa (-4,4%), seguindo a tendencia comezada en 2008 e con maior intensidade.

■ No tocante ao grao de ocupación, tamén continúa en 2009 (e con máis intensidade) a diminución do ano anterior, quedando o índice no valor máis baixo do cuadrienio analizado.

■ Cadro 2.28

Ocupación hoteleira. Galicia. 2006-2009

Período	Viaxeiros que entraron en Galicia						Pernoitas totais		Grao de ocupación (%)
	Total		Espaníais		Estranxeiros				
	Nº de viaxeiros	TVI ⁽¹⁾	Nº de viaxeiros	TVI ⁽¹⁾	Nº de viaxeiros	TVI ⁽¹⁾	Nº de pernoitas	TVI ⁽¹⁾	
2006	3.599,2	2,0	2.944,8	1,4	654,4	4,4	7.758,0	2,1	35,6
2007	3.739,5	3,9	3.007,8	2,1	731,7	11,8	8.025,0	3,4	35,9
2008	3.529,5	-5,6	2.836,4	-5,7	693,1	-5,3	7.790,5	-2,9	34,0
2009	3.398,5	-3,8	2.752,0	-3,6	646,5	-5,9	7.447,8	-4,4	31,4

(1) Porcentaxe de variación interanual.

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.

2.5 Expectativas empresariais

A operación estatística de *Confianza empresarial*, que publica trimestralmente o IGE desde o primeiro trimestre de 2007, segue as recomendacións da OCDE e da UE para a elaboración de enquisas sobre expectativas empresariais. A OCDE estableceu unhas suxerencias para a elaboración de *Indicadores de confianza empresarial*, seguindo as recomendacións do *Programa harmonizado común de enquisas conxunturais da UE*; ditos *Indicadores* promedian os balances dun conxunto moi limitado de preguntas, coa finalidade de poder obter os datos de xeito que permitan a comparanza a nivel internacional.

As *dificultades* que os empresarios observaron nun trimestre concreto obtéñense por estimación dunha serie de diversas cuestións que se lle preguntan (escaseza de man de obra, dificultades financeiras, escaseza de aprovisionamentos, etc). As *expectativas* que os empresarios teñen para o seguinte trimestre obtéñense por estimación de diferentes cuestións sobre as que se lle pregunta, como son o resultado neto de explotación, o emprego ou os investimentos.

O *índice galego de confianza empresarial* (IGACE) elabórase a partir da media simple de saldos ponderados de preguntas. Para a obtención dos IGACE de cada rama empresarial, os balances que utiliza o IGE son maiores que os que prescriben a OCDE e a UE, polo cal se inclúe maior cantidade de información na súa elaboración.

Os datos do cadro 2.29 reflicten inequivocamente a mellora do *índice xeral galego de confianza empresarial* ao longo do último ano; pasou dun saldo negativo no último trimestre de 2008 (-43,4) a un saldo negativo menor en valor absoluto no cuarto trimestre de 2009 (-25,5).

Índice galego de confianza empresarialII (IGACE). Galicia. 2007-2009

■ Cadro 2.29

	Industria	Construción	Comercio polo miúdo	Resto de servizos	Índice xeral
2007/I	18,8	17,6	15,2	26,2	22,8
2007/II	10,4	18,6	11,1	15,7	14,8
2007/III	2,3	1,4	6,0	9,7	6,7
2007/IV	-7,9	-14,7	-11,7	-2,7	-6,1
2008/I	-10,6	-18,7	-8,8	-11,3	-12,2
2008/II	-22,8	-26,7	-25,9	-22,6	-23,5
2008/III	-39,2	-31,5	-27,2	-34,1	-34,3
2008/IV	-48,1	-44,0	-38,9	-42,1	-43,4
2009/I	-37,1	-27,1	-36,7	-36,1	-34,9
2009/II	-26,9	-30,5	-27,6	-27,1	-27,6
2009/III	-26,2	-42,1	-23,7	-25,8	-28,9
2009/IV	-21,1	-32,5	-21,8	-23,9	-25,5

Fonte: IGE. Confianza empresarial.

Nota: O indicador de confianza empresarial varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios.

O cadro permite o estudo desagregado por ramas produtivas; constata que a construción presenta ao final de 2009 a peor posición en confianza empresarial (-32,5) e a industria a mellor (aínda sendo mala: -21,1).

■ Cadro 2.30

Confianza empresarial. Dificultades das empresas. Galicia. 2009

	Trimestres			
	I	II	III	IV
Escaseza de man de obra cualificada	17,0	16,3	15,5	12,6
Escaseza de man de obra non cualificada	1,1	1,1	1,0	1,8
Escaseza de aprovisionamentos	3,6	5,9	4,6	4,2
Problemas financeiros	56,2	53,5	50,3	52,4
Sen dificultades que sinalar	29,4	32,8	35,9	33,4

Fonte: IGE. Confianza empresarial
Datos en porcentaxe de empresas

2.6 Investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación (I+D+I)

2.6.1 Introducción

A investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico (I+D) abranguen un conxunto de traballos de carácter creativo emprendidos co fin de incrementar os coñecementos nunha rama ou actividade determinada, así como a aplicabilidade desa suma de coñecementos á mellora dos xa existentes. Sen dúbida é un factor clave á hora de posibilitar a converxencia real cos países máis desenvolvidos, que como veremos neste mesmo apartado presentan valores moi por riba dos existentes en España (e especialmente dos de Galicia).

A innovación, pola súa banda, é cada vez máis un factor clave na procura do aumento de produtividade e, xa que logo, da competitividade empresarial; hoxe en día as diferenzas económicas entre os países susténtase, en boa parte, no crecemento e acumulación do *know how* e na súa capacidade de transformación en produtos finais, vía innovación tecnolóxica.

A nova política de fondos na procura da cohesión territorial na UE prioriza cada vez máis o seu investimento no amplo abano denominado sociedade do coñecemento, co obxectivo de intentar converter a economía europea na máis competitiva do mundo (de acordo co aprobado no Cumio de Lisboa). O pulo da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico é fundamental e débese traballar na redución da “brecha tecnolóxica” galega.

2.6.2 Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D)

O cadro 2.31 permítenos unha visión por comunidades autónomas para o ano 2008 dos gastos internos totais e máis do persoal (en equivalencia a xornada completa). Apréciase que:

■ O gasto interno total de Galicia (4% do total estatal) está moi por baixo da porcentaxe que lle correspondería pola poboación, polo PIB ou polo número de empresas no total español, o que tamén ocorre no tocante ao persoal 4,5%

■ Hai unha notable concentración espacial do gasto interno total nas actividades de I+D en dúas comunidades autónomas, pois Madrid e Cataluña representan case a metade (48,9%) do total estatal. No persoal o seu peso conxunto é algo inferior 46,3%.

■ Galicia ocupa a sétima posición nas dúas clasificacións (polo gasto en I+D e máis polo persoal en EDC), por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, C. Valenciana e Castela-León.

Gastos internos e persoal en I + D. Por comunidades autónomas. 2008

■ Cadro 2.31

	Gastos internos		Persoal en equivalencia a xornada completa	
	Total (Miles de euros)	%	Total	%
Andalucía	1.538.946	10,5	23.227,2	10,8
Aragón	352.376	2,4	6.911,9	3,2
Asturias	229.678	1,6	3.576,9	1,7
Baleares	97.385	0,7	1.728,4	0,8
Canarias	268.833	1,8	4.521,4	2,1
Cantabria	140.791	1,0	1.923,0	0,9
C. León	739.943	5,0	10.200,8	4,7
C. A Mancha	265.741	1,8	3.242,2	1,5
Cataluña	3.286.376	22,4	46.519,9	21,6
C. Valenciana	1.113.507	7,6	19.488,7	9,0
Extremadura	156.401	1,1	2.222,9	1,0
Galicia	584.213	4,0	9.681,0	4,5
Madrid	3.892.148	26,5	53.172,4	24,7
Murcia	243.522	1,7	5.769,6	2,7
Navarra	358.666	2,4	5.409,3	2,5
País Vasco	1.345.572	9,2	16.683,4	7,7
A Ríoxa	81.001	0,6	1.322,2	0,6
Ceuta e Melilla	6.291	0,0	75,3	0,0
España	14.701.390	100,0	215.676,5	100,0

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

O seguimento nos últimos quince anos da porcentaxe do gasto en I+D en Galicia en relación co de España podemos facelo co cadro 2.32. A suba relativa de 1995 permitiulle a Galicia pasar do 2,57% de 1994 ao 3,33%; estancouse no cuatrienio seguinte ao redor desa porcentaxe e a forte suba do trienio 2000-2002 fixo que

superara por vez primeira o 4%. En 2005 diminuíu en doce centésimas con respecto ao ano anterior e volveu a baixar dezasete centésimas en 2006 quedando no 3,80% do total español. No ano 2007 volve a subir con forza situándose na máis alta destes quince anos en un 4,16%, máis en 2008 diminúe en 19 centésimas e baixa do listón dos 4 puntos, situándose en 3,97.

Evolución dos gastos internos en I+D. % Galicia/España. 1994-2008

■ Cadro 2.32

1994	2,57
1995	3,33
1996	3,20
1997	3,52
1998	3,24
1999	3,30
2000	3,70
2001	3,86
2002	4,08
2003	4,12
2004	4,09
2005	3,97
2006	3,80
2007	4,16
2008	3,97

Elaboración propia.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D

O valor absoluto do gasto en I+D dunha comunidade autónoma non é representativo dabondo do esforzo en investigación e desenvolvemento tecnolóxico da mesma, xa que o seu valor en relación co valor da súa produción pode ser moi distinto. Por iso recolleemos no cadro 2.33 o gasto total en I+D, as porcentaxes dese gasto sobre o PIB de cada comunidade autónoma e mailo gasto de cada un dos sectores que o executan. Salientaremos que:

■ O gasto en I+D de Galicia supón no 2008 un 1,04% do PIB, dato que fai que Galicia ocupe o sexto posto na clasificación das comunidades autónomas (un posto por riba que no ano anterior e superando a A Ríoxa). Segue a reflectir unha diverxencia notable de Galicia (a estatal supera en 31 centésimas á galega), maior que a existente en variables coma o PIB ou a renda.

■ As catro comunidades que realizan un maior investimento nas actividades de I+D son Madrid (2%), País Vasco (1,96%) e a continuación Navarra e Cataluña (1,92% e 1,61% respectivamente).

■ No tocante á distribución do gasto en I+D segundo o sector que o execute, en Galicia o primeiro é xa dende o ano 2005, a diferenza dos precedentes, o sector empresarial, que incrementou en 2006 e especialmente en 2007 a distancia co respecto o ensino superior; se ben baixou máis de sete puntos no 2008. No total estatal o sector empresarial representa máis do dobre dos gastos do correspondente ao Ensino Superior (diferenzas que se agrandan nas catro comunidades que máis invisten en I+D en proporción do seu PIB: Madrid, País Vasco, Cataluña e Navarra).

■ Cadro 2.33

Gastos internos totais en I + D. Por comunidades autónomas e sector de execución. 2008

	Total	% sobre PIB	Empresas e IPSFL ⁽¹⁾	Admón. Pública	Ensino superior
Andalucía	1.538.947	1,03	516.567	361.330	661.049
Aragón	352.376	1,03	206.544	71.414	74.418
Asturias	229.678	0,96	99.939	36.433	93.306
Baleares	97.385	0,35	20.833	30.302	46.250
Canarias	268.834	0,62	60.624	81.374	126.835
Cantabria	140.792	1,00	57.075	23.802	59.914
C. León	739.944	1,26	458.545	73.951	207.447
C. A Mancha	265.742	0,72	149.362	34.815	81.564
Cataluña	3.286.376	1,61	2.007.338	554.638	724.400
C. Valenciana	1.113.507	1,05	484.648	134.116	494.743
Extremadura	156.400	0,86	30.260	39.918	86.223
Galicia	584.213	1,04	281.033	77.511	225.669
Madrid	3.892.147	2,00	2.245.498	996.775	649.875
Murcia	243.521	0,86	95.375	47.721	100.426
Navarra	358.665	1,92	247.421	27.985	83.260
País Vasco	1.345.572	1,96	1.088.817	63.984	192.771
A Ríoxa	81.001	1,00	46.577	16.011	18.413
Ceuta e Melilla	6.292	0,20	235	206	5.850
España	14.701.392	1,35	8.096.691	2.672.286	3.932.413

En miles de euros (agás a 2ª columna, que está en porcentaxe).

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

Fonte: INE, Estatística sobre actividades en I+D.

A comparanza das porcentaxes de execución do gasto en I+D en cada sector en Galicia e España podemos facela ao fío do cadro 2.34. Subliñaremos o seguinte:

■ O sector empresarial representa case a metade do gasto total en I+D (un 48,10%), e se ben en 2006 Galicia estaba a máis de 10 puntos porcentuais por baixo, en 2007 equipárase practicamente coa porcentaxe estatal: 55,37%, aínda que como dicíamos anteriormente cae sete puntos en 2008. Debe resaltarse que subiu ostensiblemente nos últimos anos (pois en 2001 era só un 27%).

■ En Galicia ocupa o segundo posto o Ensino Superior (cun 38,63%), case doce puntos porcentuais por riba da media española.

■ A porcentaxe de gasto en I+D da Administración Pública en Galicia é catro puntos e noventa e unha centésimas inferior á de España.

**Porcentaxe de execución do gasto en I+D
Por sectores. Galicia e España. 2008**

■ Cadro 2.34

	Galicia	España
Empresas e IPSFL ⁽¹⁾	48,10	55,07
Admón. Pública	13,27	18,18
Ensino Superior	38,63	26,75

(1) Institucións privadas sen fins de lucro.

Fonte: INE, Estatística de I+D.

Centrámonos na evolución no último quinquenio das porcentaxes do gasto en I+D respecto do PIB nas distintas comunidades autónomas (cadro 2.35) destacaremos que en 2008 incrementábase na comunidade galega en unha centésima a porcentaxe despois do avance en sete centésimas en 2002 e 2003, o estancamento en 2004, as lixeiras subidas en 2005 e 2006 e o importante crecemento en 2007 (trece centésimas). O incremento do conxunto do Estado –oito centésimas– fai que aumenten as diferenzas da converxencia coa media estatal (21 puntos).

**Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado.
Por comunidades autónomas 2000-2008**

■ Cadro 2.35

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Andalucía	0,62	0,62	0,89	0,77	0,84	0,90	1,02	1,03
Aragón	0,71	0,75	0,74	0,70	0,79	0,88	0,90	1,03
Asturias	0,71	0,65	0,70	0,64	0,70	0,90	0,93	0,96
Baleares	0,25	0,26	0,25	0,26	0,28	0,29	0,33	0,35
Canarias	0,56	0,60	0,55	0,58	0,59	0,65	0,64	0,62
Cantabria	0,57	0,55	0,47	0,44	0,45	0,80	0,88	1,00
C. León	0,83	0,81	0,88	0,93	0,89	0,97	1,10	1,26
C. A Mancha	0,04	0,44	0,44	0,41	0,41	0,47	0,60	0,72
Cataluña	1,17	1,28	1,38	1,34	1,35	1,43	1,48	1,61
C. Valenciana	0,77	0,81	0,87	0,90	0,99	0,96	0,96	1,05
Extremadura	0,60	0,60	0,63	0,41	0,69	0,73	0,74	0,86
Galicia	0,72	0,79	0,86	0,86	0,89	0,90	1,03	1,04
Madrid	1,79	1,88	1,81	1,65	1,82	1,98	1,93	2,00
Murcia	0,66	0,57	0,73	0,66	0,75	0,78	0,92	0,86
Navarra	1,22	1,11	1,41	1,79	1,67	1,92	1,88	1,92
País Vasco	1,39	1,32	1,42	1,51	1,48	1,60	1,88	1,96
A Rioxa	0,63	0,57	0,66	0,65	0,66	1,06	1,16	1,00
España	0,99	1,03	1,10	1,07	1,07	1,20	1,27	1,35

Fonte: INE, Estadística de I+D.

Na comparanza internacional, o cadro 2.36 subliña o baixo valor da porcentaxe de gasto galego en I+D (en relación co PIB) no contorno da Unión Europea (en 2007 o dato de Galicia supón un 53,92% da porcentaxe da Unión Europea dos 15). O estado de maior porcentaxe de gasto en I+D (Suecia) case cuadriplica a de Galicia.

Porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB. Europa. 2003-2008

■ Cadro 2.36

	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Austria	2,26	2,26	2,45	2,47	2,54	2,67
Bélxica	1,88	1,87	1,83	1,86	1,90	1,92
República Checa	1,25	1,25	1,41	1,55	1,54	1,47
Dinamarca	2,58	2,48	2,46	2,48	2,55	2,72
Finlandia	3,43	3,45	3,48	3,45	3,47	3,49
Francia	2,17	2,15	2,10	2,10	2,04	2,02
Alemaña	2,52	2,49	2,49	2,53	2,53	-
Grecia	0,57	0,55	0,59	0,58	0,58	-
Hungría	0,93	0,88	0,94	1,00	0,97	-
Islandia	2,82	-	2,77	2,99	2,70	2,65
Irlanda	1,17	1,24	1,25	1,25	1,28	1,43
Italia	1,11	1,10	1,09	1,13	1,18	1,18
Holanda	1,76	1,78	1,79	1,78	1,71	-
Noruega	1,71	1,59	1,52	1,52	1,64	1,62
Polonia	0,54	0,56	0,57	0,56	0,57	0,61
Portugal	0,74	0,77	0,81	1,02	1,21	1,51
Eslovaquia	0,57	0,51	0,51	0,49	0,46	0,47
Estonia	0,77	0,86	0,94	1,15	1,14	-
Chipre	0,35	0,37	0,40	0,43	0,45	-
Letonia	0,38	0,42	0,56	0,70	0,63	-
Lituania	0,67	0,75	0,75	0,79	0,82	-
Luxemburgo	1,65	1,63	1,56	1,66	1,63	-
Malta	0,26	0,53	0,60	0,64	0,60	-
Eslovenia	1,27	1,40	1,44	1,56	1,53	-
Suecia	3,85	3,62	3,60	3,74	3,61	3,75
Reino Unido	1,75	1,69	1,73	1,76	1,82	1,88
Bulgaria	0,50	0,50	0,49	0,48	0,48	-
Croacia	1,05	1,13	1,00	0,87	0,86	-
Rumania	0,39	0,39	0,41	0,45	0,53	-
Galicia	0,86	0,86	0,89	0,90	1,03	1,04
España	1,10	1,07	1,12	1,20	1,27	1,35
UE (25)	1,86	1,82	1,76	1,79	1,80	
UE 15	1,92	1,89	1,86	1,89	1,90	

Fonte: OCDE. (Collido do INE: Estadística sobre actividades en I+D).

2.6.3 Innovación tecnolóxica nas empresas

A Enquisa de Innovación Tecnolóxica nas empresas (do INE) permite coñecer a estratexia tecnolóxica das empresas e os factores que inflúen na súa capacidade para innovar e ademais proporciona o marco base para estudos posteriores, coma pode ser a utilización da tecnoloxía punta nos procesos de fabricación ou a análise dos fluxos de pagos e ingresos tecnolóxicos. Nesta enquisa avalíase a actividade das empresas que realizan algunha actividade innovadora (I+D, adquisición de tecnoloxía inmaterial software, gastos en deseño, etc).

■ **Cadro 2.37**

**Principais indicadores de I+D en empresas, por tipo de empresa⁽¹⁾
e comunidades autónomas. 2008**

	Manufactureiras de alta e media-alta tecnoloxía			De servizos de alta tecnoloxía		
	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC	Nº empresas	Gastos I+D (miles euros)	Persoal en EXC
Andalucía	171	132.294	1.251,0	239	141.194	1.888,8
Aragón	159	87.883	1.256,3	68	48.861	520,8
Asturias	41	11.326	193,2	70	33.303	543,0
Baleares	5	1.005	17,1	28	4.277	101,6
Canarias	8	420	10,1	42	46.701	350,1
Cantabria	26	9.081	124,2	30	8.504	170,5
C. León	113	54.936	678,2	106	235.950	1.747,0
C. A Mancha	87	66.548	512,5	46	22.648	317,5
Cataluña	953	792.610	8.635,0	552	482.033	5.407,9
C. Valenciana	329	96.589	1.644,1	232	140.711	2.291,9
Extremadura	13	1.386	28,6	12	4.071	74,8
Galicia	106	87.701	654,3	163	81.019	1.164,2
Madrid	337	629.680	5.432,1	666	822.984	8.026,0
Murcia	69	19.210	256,8	54	14.790	246,2
Navarra	121	77.735	1.005,4	47	35.966	466,3
País Vasco	420	300.654	3.503,7	317	427.798	5.201,5
A Rioxa	33	8.077	97,9	26	10.019	155,8
España	2.991	2.377.135	25.300,5	2.698	2.560.829	28.673,9

(1) Manufactureiras de alta tecnoloxía: Industria farmacéutica, maquinaria de oficina e material informático, compoñentes electrónicos, aparatos de radio, TV e comunicación, instrumentos médicos, de precisión, óptica e relojería e construción aeronáutica e espacial.

Manufactureiras de media-alta tecnoloxía: Industria química agás farmacia; maquinaria e equipo; maquinaria e aparatos eléctricos; industria do automóbil; outro material de transporte.

De servizos de alta tecnoloxía: Correos e telecomunicacións; actividades informáticas; investigación e desenvolvemento.

Fonte: INE, Base: "Indicadores de Ciencia e Tecnoloxía".

O cadro 2.37 recolle os principais indicadores de I+D nas empresas manufactureiras de alta e media alta tecnoloxía e de servizos de alta tecnoloxía. Como pode apreciarse, Galicia acada un escaso número de empresas manufactureiras: 106 que representan un 3,54% do total nacional, así mesmo os gastos e o persoal neste tipo de empresas supoñen un escaso 3,69% y 2,59% respectivamente. As 163 empresas galegas de servizos de alta tecnoloxía constitúen o 6,04 do Estado e empregan a 1.164 traballadores, o 4,06 do total estatal.

O gasto en actividades para a innovación tecnolóxica acadou en Galicia 1.000,3 millóns de euros no ano 2008, superando en máis de 344 millóns os correspondentes ao ano anterior. No cadro 2.38 presentamos o número de empresas innovadoras e máis o gasto en innovación tecnolóxica nas diferentes comunidades autónomas (e no total español) en 2008, xunto co tanto por cento da cifra de negocios en produtos novos e mellorados e a taxa de crecemento. Como pode apreciarse Galicia está por baixo da media nacional en empresas innovadoras, e ademais os gastos en innovación, representan unha porcentaxe inferior ao seu potencial demográfico, se ben o esforzo dos últimos anos en Galicia, no que non só destaca o dinamismo mostrado por unhas poucas empresas punteiras senón tamén o dos *clusters* (de automoción, acuicultura, etc), que con notable empeño están aplicando a cultura da cooperación empresarial na innovación parece albiscar unha certa recuperación despois dos malos datos de 2004, cun crecemento importante da cifra de negocios en produtos novos e mellorados.

■ Cadro 2.38

Empresas Innovadoras e Gastos en innovación por CC.AA. 2008

	Empresas Innovadoras		Gastos en Innovación		% de la cifra de negocios en productos novos e mellorados	Taxa de crecemento(*)
	Total	%	Total	%		
Andalucía	6.207	19,56	1.058.925	5,32	8,27	-23,97
Aragón	1.470	25,22	673.853	3,38	22,39	17,88
Asturias	684	18,95	343.933	1,73	13,63	16,26
Baleares	753	14,36	79.570	0,40	4,22	-7,00
Canarias	1.323	15,31	192.542	0,97	5,33	-25,91
Cantabria	437	19,67	115.051	0,58	9,03	0,38
C. León	1.783	20,65	798.060	4,01	13,49	5,51
C. A Mancha	1.616	20,36	355.530	1,78	8,54	5,76
Cataluña	9.180	23,69	3.780.644	18,98	12,38	-3,73
C. Valenciana	4.663	20,18	1.180.627	5,93	6,47	16,53
Extremadura	489	14,17	115.615	0,58	5,76	48,11
Galicia	2.152	19,93	1.002.938	5,04	14,22	3,83
Madrid	6.073	20,15	7.665.642	38,48	16,15	32,81
Murcia	1.150	16,04	250.739	1,26	8,42	-20,01
Navarra	878	27,95	408.044	2,05	26,60	16,81
País Vasco	2.844	29,41	1.791.097	8,99	15,40	2,07
A Ríoxa	473	24,46	104.538	0,52	11,19	-1,41
Ceuta e Melilla	31	10,52	1.595	0,00	4,92	90,48
España	42.206	20,81	19.918.943	100,00	13,47	10,08

Gastos en miles.

(*) con respecto a 2007.

Fonte: INE, Encuesta sobre innovación tecnolóxica nas empresas 2008.

No cadro 2.39 complétanse os datos de innovación cos da poboación ocupada nos sectores de alta e media tecnoloxía e a súa repercusión na poboación ocupada total das distintas comunidades autónomas. O País Vasco, Madrid e Cataluña acadan as porcentaxes máis altas, Galicia con 61.300 empregados en ditos sectores representa o 5,10% do total de ocupados, algo máis dun punto e vinte e cinco centésimas da media estatal de 6,60%.

■ Cadro 2.39

Poboación ocupada nos sectores de alta e medio-alta tecnoloxía. Por CCAA. 2008

	A	Sectores de alta e medio-alta tecnoloxía				% sobre total de ocupados
	Total Economía	B	Sectores manufactureiros		Servizos de alta tecnoloxía	C=B/AX100
			Alta tecnoloxía	Medio-alta tecnoloxía		
Andalucía	3.149,7	98,5	12,9	33,8	51,9	3,10
Aragón	611,6	57,8	2,9	42,6	12,3	9,50
Asturias	451,5	21,4	1,7	9,9	9,8	4,70
Baleares	509,8	14,1	0,7	3,7	9,6	2,80
Canarias	861,7	17,0	0,9	3,9	12,3	2,00
Cantabria	260,6	16,4	0,6	12,2	3,6	6,30
C. León	1.068,1	64,7	3,0	39,6	22,1	6,10
C. A Mancha	842,9	31,4	4,9	16,1	10,5	3,70
Cataluña	3.494,6	356,5	41,8	228,2	86,6	10,20
C. Valenciana	2.226,2	106,7	7,7	63,8	35,2	4,80
Extremadura	409,3	10,0	0,5	4,2	5,3	2,40
Galicia	1.200,1	61,3	5,4	33,9	22,0	5,10
Madrid	3.064,4	319,9	44,2	63,9	211,8	10,40
Murcia	627,6	16,9	1,3	10,1	5,6	2,70
Navarra	289,4	28,4	1,5	23,6	3,3	9,80
País Vasco	995,3	115,0	9,1	74,9	30,9	11,60
A Ríoxa	146,7	6,1	0,3	4,2	1,6	4,20
Ceuta e Melilla	48,1	0,3	0,0	0,0	0,3	0,60
España	20.257,6	1.342,4	139,4	668,6	534,7	6,60

En medias anuais. En miles; agás a última columna que é porcentaxe.

Fonte: INE, Enquisa de Poboación Activa.

2.7 A empresa industrial pública: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI)

A raíz da promulgación do Real Decreto-lei 5/1995, do 16 de xuño, a industria pública española nucleada neses momentos en torno ao Instituto Nacional de Industria (INI) e ao Instituto Nacional de Hidrocarburos (INH) reestrutúrase, agrupándose en dous entes as distintas empresas dependentes ou controladas polo Ministerio de Industria e Enerxía:

■ A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), á que se lle asignan as participacións dos grupos Teneo, SA e Repsol, SA, rexida polo dereito privado, sen aval do Estado, e que goza do beneficio da consolidación fiscal nas operacións de endebedamento; tivo, ademais, como unha das súas principais obrigacións a de amortizar a débeda do ex-INI, vía dividendos, endebedamento e desinvestimentos.

■ A Axencia Industrial do Estado (AIE), á que se adxudica, polo seu valor contable, a carteira de titularidade directa, maioritaria, igualitaria ou minoritaria das entidades mercantís, suxeitas a plans de reestruturación ou reconversión industrial. A esta axencia non se lle concede ningunha capacidade de endebedamento e carece do beneficio de consolidación fiscal, se ben as empresas en reconversión serán as únicas que poidan percibir achegas do Estado.

O 28 de xuño de 1996 o goberno aprobou o “programa de modernización do sector público empresarial do Estado”, que deseña un plan de privatizacións de empresas públicas, que afondando na política de alleación de activos patrimoniais públicos que xa viña desenvolvéndose anteriormente, contempla a venda das empresas públicas rendibles, incluídas as dependentes do Ministerio de Economía e Facenda.

No trienio 1996-1999 producíronse operacións privatizadoras en empresas públicas industriais e de servizos con implantación en Galicia: Argentaria, Telefónica, o grupo Repsol, Retevisión, Auxini, ENDESA, Tabacalera, Gas Natural, Elcano, Barreras, INESPAL, Santa Bárbara, Indra ou Red Eléctrica, e en 2000 e os primeiros meses de 2001 os de Iberia, Enatcar e ENCE, ás que seguirá Autopistas del Atlántico no 2002, quedándose o Estado co control daquelas que poden ter problemas para privatizarse por cuestións sociais ou estratéxicas, aínda que non se descarta o seu pase a mans privadas, como as da División Naval e Bazán agrupadas no grupo Izar e actualmente Navantia.

En todo caso, o que si é certo é que o cadro da empresa pública en España, e polo tanto en Galicia, experimentou un importante cambio nestes últimos anos, especialmente a partir de 1997-1998, diminuíndo substancialmente as empresas participadas polo Estado, quedando reducido a un pequeno grupo con capital público, formado polas que arrastran un déficit empresarial considerable.

O Decreto-lei 15/1997, do 15 de setembro, reagrupa de novo o sector público, disolvendo a AIE e integrando as súas sociedades na SEPI, facendo esta fronte ao paulatino equilibrio financeiro do sector; cunha achega de recursos de 900.000 millóns de pesetas –resultante das privatizacións– durante os dous primeiros anos e desvinculando o mantemento das empresas públicas dos Orzamentos Xerais do Estado, cun efecto importante na redución do déficit público para o cumprimento dos criterios de Maastricht.

A SEPI é polo tanto a sociedade estatal que agrupa na actualidade ás empresas públicas industriais, acollendo tamén algunha das empresas que pertencían á Dirección Xeral de Patrimonio, tales como Efe, ALYCESA, CETARSA, Transmediterránea, EMGRISA, ENAUSA, MAYASA e a Sociedade Estatal de Participacións Patrimoniais, coa intención na maioría dos casos de preparar a súa futura privatización. En marzo de 2005 tras unha importante crise da empresa Izar provocada dunha banda polas súas notables perdas –800 millóns de euros– e por outra pola exixencia da UE ao goberno español da devolución das axudas nos últimos anos aos estaleiros públicos, constitúese unha nova empresa: Navantia que mercé a un axuste de cadro de persoal por xubilacións anticipadas asume a actividade de construción naval, fundamentalmente militar, conservando un 20% de actividade en materia civil. Así mesmo acolle liñas de actividade de propulsión e enerxía, reparacións e sistemas e armas, cunha forte aposta pola tecnoloxía e tarefas de investigación e desenvolvemento.

No anexo deste informe contéñanse os datos de investimentos e persoal dos entes públicos e sociedades estatais en Galicia, clasificados de acordo coa distribución que establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Os investimentos da SEPI representan un montante total de 34 millóns 147 mil euros (cadro A-21) –dos que só 11 millóns 239 mil euros corresponde a Navantia, unha contía de 4 millóns 890 mil euros á empresa Tragsa, que realiza unha variada gama de actuacións que abrangue o deseño e construción das infraestruturas e equipamentos necesarios para a modernización e mellora dos sistemas de produción agraria, tecnoloxías para un mellor aproveitamento da auga, actividades de conservación do medio natural, actuacións forestais, xestión de recursos pesqueiros e acuicultura e 14 millóns 976 mil euros do grupo infoinvest, que colabora coa Xunta de Galicia no desenvolvemento de 20 parques empresariais.

Os investimentos do resto das empresas públicas reflíctese no cadro A-22 do anexo, destacando o importe da inversión da sociedade estatal de infraestruturas de transporte terrestre, á que se imputan as correspondentes ao AVE e ás autopistas estatais.

As empresas públicas industriais con sede en Galicia experimentan unha diminución apreciable de traballadores nestes dezaseis últimos anos, pasándose, no seu conxunto, de 14.067 traballadores/as en 1993 aos 4.174 do ano que analizamos. Navantia con 2.348 efectivos, traballadores/as dos estaleiros de Fene e Ferrol, constitúe a de maior volume ao que segue Tragsa con 1.805. A provincia da Coruña, con 3.188 empregados/as, concentra o volume máis importante, o persoal das outras tres provincias galegas proceden exclusivamente de Tragsa.

2.8 Política industrial. A achega das administracións públicas

Examinaremos, dentro deste apartado, o conxunto das intervencións máis importantes das distintas administracións públicas no ámbito industrial e empresarial, co obxecto de ter unha visión de carácter xeral das principais liñas de actuación que marcan as políticas públicas en Galicia.

Hai que ter, non obstante, moi en conta que a política macroeconómica ten un papel decisivo sobre a actividade industrial: o control da inflación, a redución do déficit

público e a estabilidade monetaria constitúen factores fundamentais para a incentivación e boa marcha das industrias e, xunto co investimento público e o impulso das reformas estruturais, inciden dunha maneira decisiva no comportamento empresarial.

2.8.1 As actuacións da UE

O Cumio de Maastricht de 7 de febreiro de 1992, coa reforma do artigo 130 do Tratado da UE, marca o inicio da nova estratexia en materia industrial e de emprego previndo un marco de relacións entre administracións públicas rexido polo principio de subsidiaridade, a potenciación da instrumentación de accións de I+D, políticas de infraestruturas a escala europea, formación profesional e incluso a posibilidade de utilización de medidas específicas, a aprobar por unanimidade, destinadas a acelerar a adaptación da industria aos cambios estruturais, creando un contorno favorable á iniciativa, desenvolvemento e cooperación entre as empresas, e a favorecer unha explotación do potencial industrial das políticas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

O Tratado de Amsterdam de 17 de xuño de 1997 inclúe no Tratado Constitutivo da Unión Europea un capítulo sobre emprego, en paralelo ás disposicións relativas á Unión Económica e Monetaria. Cada país continúa a ser dono da súa política, pero situaraa no contexto dunha estratexia coordinada de toda a comunidade. O Tratado fixa para os gobernos da Unión o compromiso de:

■ Orientar as súas políticas de emprego en consonancia coa política económica da comunidade.

■ Promover unha man de obra cualificada con poder de adaptación, así como mercados de traballo que poidan reaccionar axiña ante os cambios económicos.

Así mesmo, crea un sistema de vixilancia multilateral das políticas de emprego nacionais, e un Comité de Emprego que asistirá ás institucións neste traballo.

A estratexia coordinada para o emprego levarase á práctica do seguinte xeito:

- a) En primeiro lugar, os xefes/as de Estado e de Goberno examinarán a situación do emprego.
- b) O Consello, por maioría cualificada, a proposta da Comisión e previa consulta ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social, e ao Comité das Rexións, elaborará as liñas directrices para os Estados membros.
- c) Ao final do ano, o Consello examinará a aplicación das liñas directrices e, se o estima oportuno, formulará recomendacións para os Estados membros.

O Consello e a Comisión remitirán un informe anual conxunto aos xefes/as de Estado e de Goberno, que examinarán as novas orientacións a seguir:

- d) Finalmente, prevense medidas de estímulo para financiamento de proxectos piloto en temas de emprego.

Transcorridos dous anos con ocasión do Cume de Lisboa —marzo de 2000— valórouse positivamente o proceso iniciado en Amsterdam, e acolleuse como obxectivo prioritario a loita contra o desemprego, marcándose como meta conseguir o pleno emprego na Unión Europea para o 2010, combinando para isto reformas estruturais ambiciosas coa potenciación das novas tecnoloxías, facendo especial fincapé no

acceso das escolas a Internet e a formación a curto prazo do profesorado nas novas tecnoloxías.

Os atentados do 11 de setembro de 2001 en EE.UU. provocan un descenso da actividade económica mundial. No Consello da Unión Europea de Sevilla –21 e 22 de xuño de 2002– apóstase pola reactivación do crecemento, reafírmase na adhesión do Pacto de Estabilidade e Crecemento e o saneamento das finanzas públicas e mantéñense en vigor os obxectivos estratéxicos alcanzados en Lisboa. Así mesmo, tanto no Cumio de Copenhague de decembro de 2002, que aproba a ampliación a 25 Estados a partir do 1 de maio de 2004, como o Consello de Bruxelas do 20 e 21 de marzo de 2003 ratifican cunha serie de orientacións e medidas específicas os obxectivos de Lisboa.

A incorporación de 10 novos países en maio de 2004 á Unión Europea, todos eles con rendas per cápita inferiores á española e moi lonxe da media da Unión, levará aparelladas importantes repercusións para países que como España son beneficiarios netos e en moi ampla medida das axudas e fondos estruturais europeos.

O “non” ao referendo sobre a constitución europea de Francia e Holanda e o fracaso da cume europea de Bruxelas, no transcurso de 2005 para a aprobación do marco orzamentario 2007-2013 sumiu á UE nunha fonda crise con repercusión moi directa no escenario de territorios como o galego que basean o seu futuro desenvolvemento nas achegas dos fondos estruturais e de cohesión.

A Comisión Europea aprobou en Maio de 2007 o Marco Estratéxico Nacional de Referencia da Política de Cohesión para España na que se determina a estratexia para a utilización de 35.217 millóns de euros da política de cohesión no período 2007-2013 dos Fondos Estruturais (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional –FEDER– e Fondo Social Europeo –FSE–) e o Fondo de Cohesión.

As actuacións da UE en Galicia –catalogada como rexión obxectivo nº 1, e a partir de 2007 obxectivo da converxencia– lévanse a cabo a través do transvase de importantes cantidades de diñeiro para o desenvolvemento rexional, das que a maioría dedícanse a infraestruturas de carácter básico; ditas cantidades canalízanse a través dos chamados fondos estruturais para a redución dos desequilibrios rexionais e o Fondo de Cohesión que financia proxectos de infraestrutura de transporte e medio ambiente vai ter neste período unha maior integración na execución de todas as políticas e accións dos Fondos Estruturais deixando atrás o enfoque por proxecto a favor dun financiamento por programa, simplificando a xestión.

■ Marco de Apoio Comunitario de Galicia para o período 2007-2013

O período de programación do marco orzamentario para o período 2000-2006 foi aprobado nas grandes cifras para o conxunto da Unión, pola Comisión no Cume de Berlín en marzo de 1999 consagrando o criterio do emprego como un dos básicos para o reparto de recursos e incluíndo fondos específicos “instrumentos de preadhesión” para os países que teñen prevista a súa entrada na UE.

A Galicia como Marco de Apoio Comunitario (MCA) correspondeulle para o período 2000-2006 a cantidade de 5.407,7 millóns de euros –899.766 millóns de pta– o 13,7% do total do financiamento comunitario para as rexións obxectivo nº 1 de España.

Cadro 2.40

Fondos Comunitarios Galicia 2007-2013

FONDOS COMUNITARIOS	Importe Axuda	Importe Cofinanciación	Importe Global
1- FONDOS ESTRUCTURAIS	4.389	1.641	6.030
Fondo Europeo de Desenvolv. Rexional (FEDER)	3.452	1.407	4.859
Fondo Social Europeo (FSE)	936	234	1.170
2- FONDOS SECTORIAIS	1.285	911	2.196
Fondo Europeo Agrícola de desenv. Rural (FEADER)	857	637	1.494
Fondo Europeo de Pesca (FEP)	429	274	703
TOTAL FONDOS COMUNITARIOS	5.674	2.552	8.226

Importes en euros.

Fonte: Xunta de Galicia.

O Marco de Apoio Comunitario 2007-2013 (cadro 2-40), no que se integra o Fondo de Cohesión, aprobado ao fin do ano 2007, e polo tanto sen execución en dito ano, prevé unha inversión total na Comunidade de 8.226 millóns de euros, dos que os Fondos Comunitarios aportarán 5.674, correspondendo aos estruturais (FEDER e FSE) 4.389, o 77% e aos Sectoriais (FEADER e FEP) 1.285 millóns de euros, o 23%. O 42% dos Fondos Feder van dirixidos á aumentar á capitalización tecnolóxica da economía galega a través do desenvolvemento da economía do coñecemento e da innovación empresarial; un 31% dedícanse ás infraestruturas de transporte e enerxía e o 23% restante ao Medio Ambiente e o desenvolvemento sostible.

Marco de Apoio Comunitario do Obxectivo 01. Grao de execución do gasto público a 31/12/2009. Programa operativo F.E.D.E.R. de Galicia

Cadro 2.41

Temas prioritarios	Total programado 2007-2013 (A)	Total executado ao 31/12/2009 (B)	Total axuda ao 31/12/2009 (B/A)	% (B/A)
01 Actividades de I+DT en centros de investigación.	48.844.633	11.093.668	8.874.934	22,71
02 Infraestrutura de I+DT (instalacións, instrumentos e redes informáticas de alta velocidade para a conexión de centros de investigación) e centros de cualificación nunha tecnoloxía específica.	19.220.975	4.814.143	3.851.314	25,05
03 Transferencia de tecnoloxía e mellora das redes de cooperación entre pequenas empresas (PEMES), así como entre estas e outras empresas e universidades, centros de ensino postsecundario de todo tipo, e autoridades rexionais.	10.951.913	0	0	0,00
06 Axudas ás PEMES para o fomento da utilización de produtos e procesos de produción que respecten o medio ambiente	24.135.156	264.028	184.819	1,09
07 Inversión en empresas directamente relacionadas coa investigación e a innovación (tecnoloxías innovadoras, creación de novas empresas por parte das universidades, centros e empresas de I+DT existentes, etc.).	39.054.472	7.370.279	5.896.223	18,87
08 Outros investimentos en empresas	359.813.616	4.367.661	3.057.363	1,21
09 Outras medidas destinadas a fomentar a investigación e innovación e o espírito empresarial nas PEMES	132.760.278	16.467.969	11.527.579	12,40
10 Infraestruturas telefónicas (incluídas as redes de banda ancha)	33.706.647	5.537.133	4.429.706	16,43
11 Tecnoloxías da información e a comunicación (acceso, seguridade, interoperabilidade, prevención de riscos, investigación, innovación, contido electrónico, etc.)	22.243.850	4.288.973	3.431.178	19,28
13 Servizos e aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia de saúde, administración pública, formación, inclusión, etc.)	84.774.385	19.195.328	15.356.263	22,64
14 Servizos e aplicacións para as PEMES (comercio electrónico, ensino e formación, establecemento de redes, etc.)	8.502.059	649.413	519.530	7,64
17 Servizos ferroviarios (RTE-T)	197.623.450	0	0	0,00
20 Autoestradas	260.616.959	16.151.509	10.498.481	6,20
21 Autoestradas (RTE-T)	303.220.569	96.898.813	62.984.229	31,96
22 Estradas nacionais	52.124.116	1.427.677	927.990	2,74
23 Estradas rexionais / locais	179.259.791	62.799.952	40.819.969	35,03
25 Transporte urbano	9.888.151	1.199.196	779.478	12,13
26 Transporte multimodal	43.235.938	0	0	0,00
29 Aeroportos	104.404.841	12.887.226	8.376.697	12,34
30 Portos	23.237.153	2.947.662	1.915.980	12,69
33 Electricidade	36.122.534	0	0	0,00
35 Gas natural	3.460.856	0	0	0,00
37 Produtos derivados do petróleo	3.460.855	0	0	0,00
40 Enerxía renovable:solar	21.235.898	0	0	0,00
41 Enerxía renovable: biomásica	17.791.826	0	0	0,00
43 Eficiencia enerxética, coxeneración e xestión enerxética	19.997.114	0	0	0,00
44 Xestión de residuos domésticos e industriais	38.156.173	1.527.108	1.068.976	4,00
45 Xestión e distribución da auga (auga potable)	77.740.959	6.897.885	4.828.520	8,87
46 Tratamento da auga (auga residual)	336.387.091	13.135.681	9.194.977	3,90
47 Calidade do aire	9.087.193	0	0	0,00
48 Prevención e control integrados da contaminación	8.892.653	954.097	667.868	10,73
50 Rehabilitación de zonas industriais e terreos contaminados	2.553.448	194.844	136.391	7,63
51 Fomento da protección da biodiversidade e a natureza (incluído o programa Natura 2000)	170.009.206	1.148.206	803.744	0,68
52 Fomento do transporte urbano limpo	36.118.733	0	0	0,00
53 Prevención de riscos (incluídas a elaboración e aplicación de planes e medidas para previr e xestionar os riscos naturais e tecnolóxicos)	46.452.615	1.092.160	764.512	2,35
55 Fomento da riqueza natural	5.392.517	0	0	0,00
56 Protección e desenvolvemento do patrimonio natural	40.948.083	1.345.590	941.913	3,29
57 Outras axudas para mellorar os servizos turísticos	51.403.454	837.883	586.518	1,63
58 Protección e conservación do patrimonio cultural	32.700.225	0	0	0,00
59 Desenvolvemento da infraestrutura cultural	15.880.121	0	0	0,00
61 Proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural	189.788.032	2.149.712	1.504.798	1,13
75 Infraestrutura en materia de educación	23.617.477	7.287.050	5.829.640	30,85
76 Infraestrutura en materia de saúde	3.311.842	0	0	0,00
77 Infraestrutura en materia de coidados de nenos	8.852.347	0	0	0,00
79 Outra infraestrutura social	8.852.349	0	0	0,00
85 Preparación, execución, seguimento e inspección	3.188.145	0	0	0,00
86 Avaliación e estudos; información e comunicación	3.188.145	0	0	0,00
TOTAL OBXECTIVO	3.172.208.843	222.967.372	154.927.794	7,03

Fonte: Ministerio de Economía e Facenda.

No cadro 2.41 explíctase por temas prioritarios o grao de execución do programa operativo FEDER de Galicia 2007-2013 a finais do 2009. Do total programado para todo o período : 3.172 millóns 209 mil euros executouse a 31-12 2009 222 millóns 967 mil euros, só o 7,03% do total. Os temas 20 e 21: autoestradas con máis de cento trece millóns de euros son os epígrafes de maior contía executada e representa máis do 50% do importe total, outros temas que presentan contías de certa importancia son: o 23: Estradas rexionais/locais con preto de 62 millóns 780 mil euros e o 13: Servizos e aplicacións para o cidadán (servizos electrónicos en materia de saúde, administración pública, formación, inclusión) con máis de 19 millóns 195 mil euros.

Fóra do Marco Comunitario de Apoio a Comunidade Galega percibe tamén financiamento da Cooperación Territorial Europea, a través de iniciativas de carácter local e rexional, así como a cooperación transnacional, que procura un desenvolvemento territorial integrado e a cooperación interrexional e o intercambio de experiencias. A España correspondéronlle para o período 2007-2013 559 millóns de euros, dos que 249 destinaranse aos programas de Cooperación Transfronteriza, 149 aos programas de Cooperación Transnacional e 111 millóns de euros aos programas de Veciñanza Europea.

Galicia integrase nos programas de Cooperación Transfronteriza España –Portugal, no de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico, Espazo do Sudoeste Europeo e o de Cooperación Interrexional: Interreg IV, Redes ESPON, URBACT e INTERACT II que a partir de 2007 substitúen as iniciativas comunitarias Interreg.

No cadro 2.42 agrúpanse as achegas do FEOGA, que financia accións tendentes á adaptación dos agricultores e das rexións ás novas formas de agricultura; e o desenvolvemento de novos sectores económicos nas zonas rurais; e o IFOP, que axuda ás rexións costeiras que se ven afectadas polo declive do sector pesqueiro.

As actuacións da UE, no sector agropesqueiro galego, teñen unha importancia fundamental e pretenden potenciar a vertente da acuicultura e rachar cos graves problemas estruturais da agricultura –escasa dimensión das explotacións, envellecemento da poboación e excesivo peso da súa actividade–; e da pesca –sobredimensión e envellecemento da flota, falta de caladoiros, etc...

En 2009, Galicia obtivo un financiamento, por esta vía (cadro 2.42), de preto de máis de 248 millóns de euros, cunha diminución de 139 millóns 485 mil euros con respecto ao ano anterior; e prodúcese pola ausencia de cuantificación dos programas operativos da Comunidade Autónoma e a forte diminución das axudas pesqueiras do IFOP e da FEP.

No concernente ao FEOGA-Garantía que decrece en preto de 2 millóns de euros con respecto a 2008, a partida de maior contía é a constituída polas asignacións de pago único: 101 millóns 822 mil euros, seguindo a continuación as axudas á produción de carne de vacún –32,75 millóns de euros–, que se manteñen en contías similares ó ano anterior; así como os epígrafes de primas o ovino e cabrún, de produción de leite, e en menor medida a de cultivos herbáceos que aumenta lixeiramente. No sector pesqueiro en 2009 diminúen como xa indicamos as axudas directas do IFOP e sobre todo en grande medida as do Fondo de Estructuras Pesqueiras.

Cadro 2.42
Contribución financeira da UE nos sectores agrariopesqueiros. Galicia. 2003-2009

Sector agrario	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
FEOGA -Garantía- FEAGA ⁽¹⁾							
Réxime de pago único	-	-	-	85,605	98,944	98,868	101,822
Industria de cereais	-	0,007	0,002	0,009	0,008	-	-
Produción de cereais	18,905	-	-	-	-	-	-
Produción de oleaxinosas	0,027	-	-	-	-	-	-
Produción carne de vacún	55,037	66,819	69,608	67,128	33,836	33,682	32,753
Primas ovino e cabrún	11,227	4,174	3,229	2,577	1,646	1,735	1,877
Leite escolar	0,295	0,312	0,270	0,236	0,227	-	-
Aceite para conservas	11,832	12,152	9,475	5,779	-	-	-
Destilacións vinícolas	0,413	0,501	0,228	0,144	0,114	-	-
Intervencións en porcino	0,076	0,071	0,008	-	-	0,261	-
Retirada de terras	0,022	-	-	-	-	-	-
Apicultura	0,199	-	-	-	-	-	0,178
Recuperacións, intereses, sancións, etc	0,022	0,012	0,004	-	-0,170	-	-0,135
Produción de forraxes	0,067	0,063	-	0,033	-	-	-
Cese anticipado	12,462	11,343	9,602	8,558	-	-	-
Medidas medioambientais	0,548	-	-	-	-	-	-
Forestación e sevicultura	8,728	4,950	4,027	7,516	-	-	-
Reestruturación do viñado	4,976	4,779	6,736	4,248	3,287	-	-
Indemniz. compensatorias zonas desfavorecidas	6,473	11,747	6,341	7,413	-	-	-
Almacenamento do leite	-	-	-	-	-	-	-
Cultivos herbáceos	-	20,603	15,583	7,624	4,429	3,922	4,015
Produción de legumes	-	0,001	0,002	-	-	-	-
Produción de leite	-	20,677	40,507	6,897	8,753	8,275	7,761
Axudas á apicultura	-	0,156	0,164	0,163	0,159	-	-
Medidas agroambientais	-	1,260	2,817	3,428	-	-	-
Modulación	-	-	-	2,834	3,893	4,735	4,618
Intervención no sector avícola	-	-	-	-	0,232	-	-
Sector vitivinícola	-	-	-	-	-	3,474	0,953
Porcino	-	-	-	-	-	0,261	-
Agricultura	-	-	-	-	-	0,189	-
Desenrolo rural	-	-	-	-	-	0,053	-0,007
Condicionabilidade	-	-	-	-	-	0,004	-0,048
Outros	-	-	-	-	-	0,229	-
Total FEOGA -Garantía	131,309	159,627	168,603	210,192	155,358	155,688	153,787
FEOGA -Orientación: axudas directas:							
Programas operativos Comun. Autónoma	136,583	103,022	100,766	56,796	82,297	60,736	-
Iniciativas comunitarias e PRODER	-	0,979	1,553	6,349	7,100	8,753	7,538
Orzamento ingresos do Estado	2,822	35,228	26,537	3,836	0,983	-	-
LEADER e outros:							
Comunidade Autónoma	-	-	-	1,253	-	-	-
Grupos Acción Local	-	5,944	11,183	11,585	11,164	13,495	3,606
Total feoga Orientación	-	-	-	-	-	82,984	11,144
F.E.A.D.E.R.							
Programa de desenrolo rural	-	-	-	-	-	99,903	72,712
Outros recursos agrarios:							
Sanidade animal	-	0,146	-	-	0,020	0,739	1,461
Sistema integrado e control	-	-	-	-	-	338,481	-
Total outros recursos agrarios	-	0,146	0,009	-	-	-	1,461
Total sector agrario	271,796	304,946	308,651	290,011	256,922	-	239,104
Sector pesqueiro							
IFOP: axudas directas:	-	-	-	-	-	19,291	4,773
Iniciativa "Pesca"	-	-	-	-	-	-	-
Estruturas pesqueiras	149,800	55,006	92,167	87,171	78,884	-	-
Total IFOP	-	55,006	92,167	-	78,884	19,291	4,773
Outros recursos pesqueiros:							
Vixancia pesqueira	0,086	-	0,356	0,249	-	-	-
Acción específica "Prestige"	-	30,000	-	-	-	-	-
F.E.P.	-	-	-	-	-	30,002	4,244
Outros recursos pesqueiros	-	-	-	-	-	-	0,168
Total outros recursos pesqueiros	-	30,000	0,356	0,249	-	30,002	4,412
Total sector pesqueiro	149,886	85,006	92,523	87,420	78,884	49,293	9,185
Total sectores agrario e pesqueiro	421,682	389,952	401,174	377,431	335,806	387,774	248,289

Datos en millóns de euros.

(1) Cantidades aboadas polos organismos pagadores con cargo ao FEOGA-Garantía-FEAGA.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Subsecretaría. Oficina Presupostaria.

■ O Fondo Social Europeo é un instrumento financeiro comunitario encargado de fomentar as oportunidades de emprego e a mobilidade xeográfica e profesional dos traballadores. En tanto que tal instrumento ten incidencia na industria ao constituír un complemento das accións desenvolvidas por entes públicos ou privados, encamiñados fundamentalmente a mellorar a formación profesional e, no seu caso, a orientación profesional dos traballadores e a axudar á contratación estable de determinados colectivos de traballadores.

A programación do FSE para o período 2007-2013 inscríbese no Marco Estratéxico de Converxencia (MECEGA), que establece a estratexia de intervención de fondos estruturais, reorientando a política económica da Comunidade cara a promoción dos factores de desenvolvemento ligados á estratexia de Lisboa: Renovar as bases de competitividade, aumentar o crecemento e a produtividade, e reforzar a cohesión social a través do coñecemento, a innovación e a valorización do capital humano.

No cadro 2.43 inclúense as previsións dos recursos financeiros do FSE no seu reparto por instrumentos de intervención para o período 2007-2013. Como pode apreciarse o total de axudas acadan un importe de máis de 936 millóns de euros, dos que máis do 50% destínanse aos programas de adaptabilidade e emprego.

Distribución da axuda FSE 2007- 2013 asignada a Galicia por instrumentos de intervención

■ Cadro 2.43

Instrumentos de intervención	Importes euros	%
PO FSE Galicia	358.501.812	38,3
PO FSE adaptabilidade e emprego	542.597.525	57,96
PO FSE Loita contra a discriminación	30.869.310	3,3
Asistencia Técnica	4.110.950	0,44
Total Axudas FSE	936.079.597	100,00

Fonte: Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.

No cadro 2.44 contéplase a distribución por eixes de actuación dos fondos do FSE para o período 2007-2013, resaltando a contía destinada ó fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres que con máis de 472 millóns de euros representa máis do 50% do total programado.

Fondos FSE asignados a Galicia 2007-2013 por eixes de actuación

■ Cadro 2.44

EIXES 2007-2013	AGE	XUNTA	TOTAL FSE	EUROS
Fomento do espírito empresarial e mellora da adptabilidade de traballadores, empresas e empresarios	33,09%	30%	31,91%	298.699.577
Fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres	63,14%	30%	50,45%	472.254.568
Aumento e mellora de capital humano	2,12%	35%	14,72%	137.747.126
Cooperación transnacional e interrexional	0,27%	3%	1,32%	12.326.442
Asistencia Técnica	1,36%	2%	1,61%	15.051.884
Total	100	100	100	
IMPORTE AXUDAS FSE	577.577.785	358.501.812		936.079.597

Fonte: Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.

2.8.2 A achega da Administración Xeral do Estado

Inclúense neste apartado as subvencións do Ministerio de Industria Turismo e Comercio para o apoio á implantación de sistemas e infraestruturas de I+D+I en empresas co obxecto de que estas poidan desenrolar as súas propias actividades de I+D+I dunha forma estable e continuada e mellorar por conseguinte a súa posición no mercado, cumprindo os obxectivos e prioridades da política de investigación e innovación no período 2008-2011 previstos no Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica aprobado por acordo do Consello de Ministros de 14 de Setembro de 2007. Este programa substituíu ao de Fomento da Investigación Técnica (Profit) que desenvolveu o Plan Nacional 2004-2007.

Xunto a estas subvencións contéplanse tamén as axudas á automoción, os programas de reindustrialización e reestruturación de zonas en declive industrial e as subvencións en investigación e seguridade mineira.

Incluimos tamén os datos dos incentivos rexionais da Zona de Promoción Económica de Galicia (ZPE), concedidos polo Ministerio de Economía e xestionados administrativamente pola Xunta de Galicia, a través do IGAPE.

■ Os programas tecnolóxicos do Estado

O Programa de apoio á implantación de sistemas e infraestruturas de I+D+I en empresas persigue promover a implantación de sistemas de xestión de I+D+I en empresas de acordo coa norma UNE 166.002: 2006 e por outro lado favorecer a constitución de departamentos de I+D+I, de tal xeito que as empresas dispoñan dunha estrutura estable de innovación.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) realiza na Comunidade Autónoma actuacións en materia de financiamento de proxectos de I+D+I empresarial, de xestión e promoción da participación de empresas galegas en programas internacionais de cooperación tecnolóxica, de apoio á transferencia de tecnoloxía no ámbito empresarial, de creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica e de concesión de subvencións a grandes proxectos estratéxicos de investigación industrial.

No cadro 2.45 contéplanse os proxectos aprobados polo CDTI (axudas reembolsables) durante 2009 en Galicia, nas convocatorias dos programas que contempla o Programa de I+D+I. Como pode observarse os 38 proxectos aprobados na comunidade autónoma representan un escaso 2,69% do total español, consti-

I+D+I Proxectos CDTI en Galicia. Axudas reembolsables 2009(*)

■ Cadro 2.45

	Nº proxectos aprobados	Orzamento total	Aportación CDTI
A Coruña	11	6.179.493	4.064.783
Lugo	2	1.791.243	741.344
Ourense	2	883.351	504.658
Pontevedra	23	25.476.691	18.963.979
Total Galicia	38	34.330.778	24.274.764

Créditos sen interés.

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

tuíndo o importe global da subvención: 24 millóns 275 mil euros un 2,53% do importe estatal Dende o punto de vista da súa distribución provincial a maioría tanto dos proxectos como da contía aprobada corresponde á provincia de Pontevedra.

Na convocatoria do programa CENIT, enmarcado dentro da Iniciativa INGENIO 2010, promociona convocatorias de axudas dirixidas a financiar grandes proxectos integrados de investigación industrial de carácter estratéxico e longo alcance científico-técnico. Na convocatoria do ano 2009 tres empresas da Comunidade Autónoma Galega de impermeabilizacións e revestimentos de A Coruña e as lucenses Customdrinks s.l. e norvento s.l.– perciben unha achega en forma de subvención, cadro 2-46, por un importe global de algo máis de un millón cento noventa e dous mil euros.

I+D+I subvencións CDTI programa CENIT. 2009

■ Cadro 2.46

	Nº de proxectos	Orzamento total	Aportación CDTI
A Coruña	1	278.581	137.452
Lugo	2	2.137.627	1.054.705
Ourense	-	-	-
Pontevedra	-	-	-
Galicia	3	2.416.208	1.192.157

Elaboración propia.

Contía subvención en euros.

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

■ Cadro 2.47

Proxectos CENIT Actividades empresariais desenvolvidas en Galicia 2007-2009

	Nº empresas participantes	Orzamento subvencionable	Compromisos Aportación CDTI
Convocatoria 2007	12	8.843.322	3.979.472
Convocatoria 2008	4	4.254.965	1.943.243
Convocatoria 2009	3	2.416.208	1.192.157

Elaboración propia.

Contía subvención en euros.

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

■ Cadro 2.48

Aportacións do CDTI. Galicia. 2005-2009

	Nº de proxectos					Orzamento subvencionable					Aportación CDTI				
	2005	2006	2007	2008	2009	2005	2006	2007	2008	2009	2005	2006	2007	2008	2009
A Coruña	5	10	4	8	11	5.123,5	18.858,0	3.592,7	10.621,8	6.179,5	3.074,1	10.924,9	1.953,3	5.542,7	4.064,8
Lugo	1	4	3	2	2	603,7	6.238,9	2.229,8	1.201,9	1.791,2	300,0	3.116,1	1.337,9	755,9	741,3
Ourense	1	1	2	3	2	720,2	358,9	3.242,7	3.680,1	883,4	432,1	215,3	1.945,6	2.263,7	504,7
Pontevedra	8	7	6	15	23	10.601,4	4.613,2	5.120,5	10.138,4	25.476,7	5.763,9	2.392,6	2.833,9	5.785,5	18.964,0
Galicia	15	22	15	28	41	17.048,8	30.069,1	14.185,7	25.642,2	36.747,0	9.570,1	16.648,9	8.070,7	14.347,8	25.466,9

Contías económicas en miles euros.

Fonte: Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).

■ Programas de axudas á Reindustrialización

Os programas de axudas á reindustrialización levan a cabo actuacións tendentes a procurar un desenvolvemento sostible do territorio a través da rexeneración e/ou creación de tecido industrial, e está ligado directamente á competitividade da industria por medio da innovación. Tratan de evitar os efectos derivados de procesos de axustes, redimensionamento ou desaparición de actividades produtivas e procesos de deslocalización industrial. Actúan prioritariamente en zonas desfavorecidas, fomentando a inversión tanto en infraestruturas industriais como en iniciativas empresariais de carácter produtivo. Pretende, por tanto, reducir os desequilibrios existentes entre os territorios, creando emprego e xerando riqueza, aínda que respectando sempre os límites establecidos no mapa de axudas rexionais, aprobado pola Comisión Europea para o período 2007-2013.

Estas axudas instrumentáanse a través de convocatorias anuais: unha xeral para todo o país e outras para comunidades específicas. En Galicia instrumentábase unha convocatoria específica para as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

■ Cadro 2.49

Programas de Axudas á Reindustrialización. Convocatoria xeral 2009

1-SECTORES INDUSTRIAIS ESTRATÉXICOS	Nº proxectos aprobados	Importe subvención	Importe préstamo	Total
A Coruña	3		1.355.280	1.355.280
Lugo	2		1.785.850	1.785.850
Ourense			0	0
Pontevedra	4		796.290	796.290
Total programa 1 Galicia	9		3.937.420	3.937.420
2-PROGRAMAS SECTOR AUTOMOCION				
2-1 Competitividade sector automoción				
A Coruña	0			
Lugo	0			
Ourense	2	606.600	-	606.600
Pontevedra	14	9.498.037	78.328.080	87.826.117
Total programa 2-1 Galicia	16	10.104.637	78.328.080	88.432.717
2-2 Programa Plan VIVE				
A Coruña	2.811	27.346.745	-	27.349.556
Lugo	820	7.970.858	-	7.971.678
Ourense	800	7.813.610	-	7.814.410
Pontevedra	2.283	22.106.830	-	22.109.113
Total programa 2-2 Galicia	6.714	65.238.043	-	65.244.757
2-3 Programa Plan 2000E (datos a 24/05/2010)				
A Coruña	10.159	5.079.500	-	5.079.500
Lugo	2.915	1.457.500	-	1.457.500
Ourense	2.951	1.475.500	-	1.475.500
Pontevedra	7.322	3.661.000	-	3.661.000
Total programa 2-3 Galicia	23.347	11.673.500	-	11.673.500
2-4 Programas axudas sector naval				
A Coruña	(*)	3.558.262	-	3.558.262
Lugo		-	-	0
Ourense		-	-	0
Pontevedra	(*)	82.804.444	79.194.500	161.998.944
Total programa 2-4 Galicia	(*)	86.362.706	79.194.500	165.557.206
Total xeral programas				
A Coruña	12.973	35.984.507	1.355.280	37.352.760
Lugo	3.737	9.428.358	1.785.850	11.217.945
Ourense	3.753	9.895.710	0	9.899.463
Pontevedra	9.623	118.070.311	158.318.870	276.398.804
Galicia	30.086	173.378.886	161.460.000	334.868.972

(*) Sen datos por provincias.

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

No cadro 2.49 contémpanse as axudas de carácter xeral en Galicia, organizadas en tres bloques, dacordo cos sectores industriais aos que van dirixidas: sectores industriais estratéxicos, sector automoción e sector naval

Como pode apreciarse en 2009 prodúcese unha importantísima aportación (preto de 77 millóns de euros) dos plans Vive e Plan E en forma de subvencións para a adquisición de automóbiles, ademais das axudas e préstamos á industria automobilística, fundamentalmente a Citroen.

As Axudas ao Sector Naval (cadro 2.49) contemplan as modalidades de primas ao funcionamento, destinadas a mellorar o contrato de determinados buques, subvención de interese de prestamos á construción naval, préstamos do programa liña ICO-PYMAR e fondo de reestruturación do sector da construción naval, que contempla subvencións destinadas á investigación e desenvolvemento, á innovación, formación, axustes laborais, e inversión en melloras de inmovilizado. Como se sinala no cadro 2-49 pagáronse aos estaleiros galegos un total de máis de 86 millóns 362 mil euros, dos que a maioría corresponderon á provincia de Pontevedra e 79 millóns 194 mil cincocentos en forma de préstamo, na súa totalidade aos estaleiros pontevedreses.

■ Pagos de subvencións e intereses a préstamos para o financiamento de buques: é un dos mecanismos de apoio indirecto á construción naval, ofrece aos potenciais armadores de buques préstamos en condicións máis vantaxosas que as que poden obter no mercado. Os pagos realizados en 2009 a favor dos buques construídos nos estaleiros galegos acadan un total de máis de 39 millóns 582 mil euros dos que tamén a cifra maior corresponde aos asentados na provincia de Pontevedra.

O programa de reindustrialización para a comarca ferrolá (cadro 2.50) que contempla subvencións e préstamos para zonas que sufriran declive industrial; aprobou para Galicia dentro do Plan de Reindustrialización en 2009 100 proxectos industriais, outorgando subvencións de 3,538 millóns de euros e créditos de algo máis de 63 millóns de euros a empresas con actividade no contorno fundamentalmente de Ferrol e As Pontes. As axudas puxeron en marcha proxectos industriais que suporán a creación de 336 empregos.

■ Cadro 2.50

Axudas de Reindustrialización. Convocatoria Comunidade Autónoma de Galicia 2009

Municipios	Provincia	Nº Proxectos	Inversión	Subvención concedida	Crédito concedido	Emprego
As Somozas	A Coruña	1	13.271.713	-	6.000.000	9
Cabanas	A Coruña	9	4.203.980	568.327	1.347.114	23
Carballo	A Coruña	1	1.232.291	-	616.145	5
Cedeira	A Coruña	2	1.944.820	37.313	1.150.499	0
Cerceda	A Coruña	1	1.537.085	-	691.688	3
Cerdido	A Coruña	1	1.682.063	-	841.031	9
Coruña (A)	A Coruña	1	123.826	-	61.913	3
Cospeito	A Coruña	1	945.441	-	472.720	1
Curtis	A Coruña	5	778.896	-	230.819	6
Estrada (A)	A Coruña	1	892.858	-	300.000	3
Fene	A Coruña	6	3.743.931	33.856	1.826.983	6
Ferrol	A Coruña	19	34.820.423	1.916.729	16.436.658	31
Laracha (A)	A Coruña	1	156.880	-	78.440	14
Narón	A Coruña	17	35.111.146	715.639	14.609.097	64
Ortigueira	A Coruña	2	826.749	145.351	16.842	3
Padrón	A Coruña	1	172.000	-	86.000	3
Ponte deume	A Coruña	2	2.559.920	-	1.278.909	5
Pontes de García Rodríguez	A Coruña	12	10.364.268	120.655	5.014.896	23
Porto do Son	A Coruña	1	1.253.610	-	626.805	10
San Sadurniño	A Coruña	1	5.781.050	-	2.890.522	8
Xove	Lugo	1	310.000	-	155.000	0
San Cibrao das Viñas	Ourense	4	17.413.511	-	5.182.931	76
Cambados	Pontevedra	1	251.893	-	125.946	3
Gondomar	Pontevedra	1	4.780.000	-	1.000.000	4
Marín	Pontevedra	1	197.168	-	98.584	2
Mos	Pontevedra	1	352.160	-	176.080	5
Nigrán	Pontevedra	1	150.040	-	75.020	3
Rosal (O)	Pontevedra	1	644.000	-	322.000	1
Tomiño	Pontevedra	1	345.500	-	172.750	5
Vigo	Pontevedra	2	1.753.836	-	876.918	4
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	1	800.000	-	300.000	4
TOTAL GALICIA		100	148.401.058	3.537.870	63.062.310	336

Elaboración propia.

Contías en euros.

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Nos cadros 2.51 e 2.52 contémpanse subvencións específicas para as comarcas mineiras, en proxectos de investigación e seguridade 2.52 e para reestruturación e desenvolvemento alternativo, 2.51 no que destaca a importante contía (preto de 45 millóns 443 mil euros) para as prexubilacións dos mineiros galegos.

Proxectos de investigación e Seguridade Mineira. 2009

■ Cadro 2.51

	Nº de Proxectos	Inversión subvencionable	Subvención
A Coruña	8	801.394	150.162
Lugo	4	705.251	136.307
Ourense	18	1.662.951	520.657
Pontevedra	2	107.196	15.853
Varias	5	374.205	58.500
Galicia	37	3.650.997	881.479

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Subvencións do Instituto para a reestructuración da minería do carbón e desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras 2009

■ Cadro 2.52

Tipo de axudas	Localización	Nº Proxectos	Importe
Infraestructuras en comarcas mineiras do carbón	Cerceda (A Coruña)	4	7.263.549
Desenrolo alternativo das comarcas mineiras do carbón (proxectos)	As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)	5	2.466.067
	As Somozas (A Coruña)	1	175.722
	Carballo (A Coruña)	-	1.358.330
	Carral (A Coruña)	1	170.460
	Ceceda (A Coruña)	2	1.290.000
	Culleredo (A Coruña)	3	527.403
	Ortigueira (A Coruña)	1	147.281
Desenrolo alternativo das comarcas mineiras do carbón (formación)	Becas ABC (Galicia)	446	1.094.781
	Becas idiomas (Galicia)	34	85.209
	Axudas Formic (beneficiarios Galicia)	157	1.127.383
Prexubilacións	Galicia		45.442.690

Elaboración propia.

Contía subvención en euros.

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

■ Os incentivos económicos rexionais

Os incentivos económicos rexionais creados pola Lei 50/1985 constitúen un mecanismo incentivador da inversión privada en zonas configuradas como Zona de Promoción Económica –ZPE– que queda constituída pola totalidade da comunidade autónoma: a consideración de ZPE supón que os proxectos de investimentos relacionados coa industria extractiva e transformadora, en industrias agroalimentarias, de acuicultura e de transformación e conserva de produtos pesqueiros, os servizos de apoio á industria e os de establecementos hoteleiros poden ser susceptibles de subvencións ata o 30% do investimento total.

A partir do 1 de xaneiro de 1996 suprimíase a ZID (Zona Industrial en declive, que ten hasta esa data a zona de Ferrolterra, cun tratamento máis xeneroso con respecto á porcentaxe das subvencións) e a totalidade de Galicia constitúe ZPE a efectos da

normativa sobre os incentivos económicos, se ben a porcentaxe que obteñen as empresas pode complementarse con outras actuacións subvencionadoras co tope xeral do 30%, a partir de 2008 fronte ao anterior do 40% dende 2002 e o 50% ata dita data dende a súa implantación.

Como pode apreciarse no cadro 2.54 aprobáronse en Galicia, dende 1988, ano de iniciación dos incentivos, ata decembro de 2009, un total de 1.869 proxectos que obtiveron unha subvención total de 905 millóns 324 mil euros.

■ Cadro 2.53

Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia, acollidos á Lei 50/1985, aprobados entre o 01.01.2009 e o 31.12.2009

	Expedientes	Investimento	Subvención	A crear	A manter
A Coruña	13	100.505.766	10.289.982	139	316
Lugo	2	13.320.935	2.448.299	25	142
Ourense	6	18.561.157	1.909.431	49	350
Pontevedra	13	36.466.487	4.770.986	89	444
Galicia	34	168.854.345	19.418.698	302	1.252

Datos de Investimento e Subvención en euros.
Fonte: Ministerio de Economía.

■ Cadro 2.54

Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia, acollidos á Lei 50/1985, aprobados entre o 01.06.1988 e o 31.12.2009

	Exp.	Investimento	Subvención	%	Emprego/crear	Emprego/manter
Galicia	1.869	5.848.581	905.324	15,48	27.637	93.902

Elaboración propia.
Datos de Investimento e Subvención en miles de euros.
Fonte: Ministerio de Economía.

O cadro 2.55 contempla a evolución, nos últimos dezaseis anos, observándose a nivel galego, no ano 1997, un aumento moi notable da axuda concedida. En 2000 aprobáronse un total de 52 expedientes –un número inferior ao ano anterior e similar aos anos precedentes– para un investimento de 131 millóns 754 mil euros –outorgáronse subvencións de 21 millóns 679 mil euros–, pero en 2001 apróbanse 109 expedientes, a cantidade maior destes últimos dezaseis anos cun alto, tamén, investimento previsto, outorgando como subvención 46 millóns 184 mil euros e cun compromiso de creación de 1.744 novos empregos e de mantemento de 7.308.

**Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia,
acollidos á Lei 50/1985, aprobados de 1994 a 2009**

■ Cadro 2.55

	Exp.	Investimento	Subvención	%	Emprego/crear	Emprego/manter
1994	63	147.055,64	26.071,91	17,73	873	3.144
1995	63	133.034,03	23.265,18	17,49	823	4.515
1996	39	68.713,71	10.746,10	15,64	486	2.251
1997	51	378.126,77	87.801,86	23,22	1.114	4.273
1998	53	270.455,45	48.958,45	18,10	1.042	10.225
1999	83	259.793,49	45.737,02	17,60	1.724	4.654
2000	52	131.753,87	21.678,51	16,45	923	2.025
2001	109	445.221,60	46.184,20	10,37	1.744	7.308
2002	47	330.394,13	30.059,31	9,10	1.267	3.181
2003	100	395.946,00	55.135,00	13,92	1.520	6.082
2004	47	232.548,95	35.273,00	15,17	875	2.717
2005	87	436.430,29	72.880,34	16,70	1.107	4.769
2006	76	768.916,78	96.937,11	12,61	1.083	10.695
2007	88	401.343,68	42.417,53	10,57	1.292	3.910
2008	53	253.452,89	25.771,20	10,17	677	2.209
2009	34	168.854,35	19.418,70	11,50	302	1.252

Datos de Inversión e Subvención en miles de euros.

Fonte: Ministerio de Economía.

No ano 2002 baixa o número de expedientes a 47, aínda que a contía do investimento –330 millóns 394 mil euros– é importante. O importe da subvención baixa con respecto ao ano anterior e acada un importe de algo máis de 30 millóns de euros cun compromiso de creación de 1.267 empregos e de mantemento de 3.181. No ano 2003 volven a subir tanto o número de expedientes –100– como a subvención concedida 55 millóns 135 mil euros, experimentando un acusado descenso no 2004 no que se aproban 47 expedientes para unha inversión de preto de 232 millóns 549 mil euros e se concede unha subvención total de 35 millóns 273 mil euros, para a creación de 875 empregos e o mantemento de 2.717 postos de traballo. No ano 2005 incrementáanse substancialmente o número de expedientes: 87, a contía do investimento subvencionable: 436 millóns 430 mil euros e o importe da subvención: 72 millóns 880 mil euros.

En 2006 con 76 expedientes acádase o montante da subvención máis alto: 96 millóns 937 mil euros para un investimento de preto de 768 millóns 917 mil euros. En 2007 con máis expedientes –88– baixan en grande medida o investimento previsto e a subvención concedida –42 millóns 417 mil euros–.

En 2008 baixan moi significativamente tanto o número de expedientes: 53 como o investimento subvencionable: 253 millóns de euros, e a subvención concedida: preto de 26 millóns e finalmente en 2009 apróbanse o número máis baixo de expedientes –34–, para un investimento susceptible de subvención de 168 millóns 854 mil euros e unha das contías máis baixas de subvención: 19 millóns 418 mil euros para a creación e mantemento do número máis baixo dos anos contemplados: 302 empregos e o mantemento doutros 1.252.

Por sectores (cadro 2.56) o maior número de expedientes corresponde ao de fabricación de produtos metálicos, maquinaria e equipos mecánicos: 10 proxectos, aínda que pola contía da subvención o volume maior é o de construción de máquinas de oficina, material eléctrico e electrónico –4 millóns 179 mil euros– ao igual que é o sector de maior emprego a crear –74–, e o sector de maior emprego a manter e o do material de transporte con 428.

■ Cadro 2.56
Incentivos económicos rexionais. Proxectos por sectores. Galicia. 2009

	Expedientes	Investimento aprobado	Subvención	Emprego a crear	Emprego a manter
Extracción e industria de minerais non metálicos	1	876.205	140.193	5	0
Industria química e produción de fibras artificiais	3	27.927.042	3.292.982	37	10
Fabricación de prod. metálicos. Maquinaria e equipo mec.	10	20.207.271	2.758.014	63	293
Construción de máquinas de oficina. mat. eléctrico e electrónico	4	22.546.705	4.178.590	74	137
Const. automóviles e pezas de reposto. Material de transporte	4	14.876.249	1.271.215	15	428
Industria téxtil, coiro, calzado e vestido	1	1.409.716	225.555	12	18
Industrias da madeira e do papel. Artes gráficas	1	9.317.550	1.304.457	30	0
Industria do caucho e transformación de materiais plásticos	2	40.650.580	2.918.291	6	109
Outras industrias manufactureiras	3	7.075.479	928.792	9	89
Comercio e actividades anexas	1	5.044.410	756.661	14	0
Turismo	1	2.556.073	230.047	3	0
Servizos prestados ás empresas	1	826.790	74.411	5	5
Outros sectores económicos	2	15.540.275	1.339.490	29	163
Total	34	168.854.345	19.418.698	302	1.252

Importes en euros.

Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

2.8.3 A achega da Administración Autonómica

A análise da política industrial da Xunta de Galicia en 2009 lévanos primeiramente a examinar o labor do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), os fondos de capital risco –Emprende, Adiante, e da Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia (SODIGA) que xestiona XESGALICIA, e os programas de incentivos empresariais que xestiona e, posteriormente, cun achegamento moi sucinto ás liñas de actuación orzamentaria de promoción industrial que veñen desenvolvendo as consellerías sectoriais: a de Innovación e Industria co apoio da de Economía e Facenda; a do Medio Rural; a de Pesca e Asuntos Marítimos; e a de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Dende a súa creación, coa Lei 5/1992, do 10 de xuño, o IGAPE vén a traballar en diversos programas de promoción e apoio ao contorno empresarial galego, a través da tramitación dos incentivos económicos rexionais –que xa estudamos no anterior epígrafe–, da concesión de préstamos e avais, de distintas modalidades de bolsas para posgraduados/as (de contratos en prácticas, de investigación no exterior; “de promoción”, etc.) e de programas para a promoción da creación de empresas innovadoras lideradas por mozos, para mellorar a competitividade da empresa galega- ou de fomento das telecomunicacións e innovación tecnolóxica.

Dende a aprobación do Decreto 309/1995, do 23 de novembro, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, o IGAPE configúrase, máis claramente, como o eixe fundamental de potenciación do sector produtivo galego.

Na actualidade o IGAPE é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia, figurando entre os seus principais obxectivos fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo. Neste sentido para achegar os seus servizos o Instituto ten oficinas territoriais nas sete principais cidades galegas e para facilitar a internacionalización das pemes galegas e captar investimentos estranxeiros dispón de centros de promoción de negocios en Alemaña, China, Estados Unidos, Polonia e Xapón.

O IGAPE dispón dun amplo conxunto de instrumentos de apoio, ferramentas, axudas e servizos, deseñados para procurar facilitar a implantación de novos investimentos empresariais na Comunidade Autónoma, para favorecer a posta en marcha de proxectos emprendedores a para favorecer iniciativas de mellora da competitividade das empresas xa existentes mediante a ampliación e modernización, ou tamén a través de iniciativas de innovación, de cooperación, de especialización ou de internacionalización.

A actividade do IGAPE en 2009 está inserta na potenciación de 7 eixes de actuación:

Eixe 1: Emprendedores e mellora do capital humano

Eixe 2: Investimento empresarial

Eixe 3: Internacionalización

Eixe 4: Incremento da produtividade a través do coñecemento e a innovación

Eixe 5: Subsidiación de xuros e outros apoios

Eixe 6: Proxectos Igape proactivo

Eixe 7: Actividades soporte

En Marzo de 1999 constitúese un novo ente público que introduce unha nova dimensión de apoio ás empresas, a xestora de capital risco: XESGALICIA, que dispón de tres instrumentos en función das demandas empresariais:

■ Fondo Emrende, componse de achegas da Xunta de Galicia, e de entidades financeiras –Caixas de Aforro e bancos–, co obxectivo de promover as empresas de nova creación.

■ Fondo Adiante, financiado con diñeiro público e destinado ao apoio ás empresas con problemas de viabilidade.

■ SODIGA, constituída como unha sociedade de capital risco. A súa misión é apoiar proxectos de desenvolvemento de empresas con estrutura financeira equilibrada e un grao de madurez significativo. Xestiona directamente o Fondo Galicia-Norte de Portugal, acollido aos programas comunitarios interrexionais, formado por capital aportado a partes iguais pola Xunta de Galicia e a Rexión Norte de Portugal que financian investimentos en Portugal promovidos por empresas de Galicia e viceversa, primándose a creación de joint ventures entre empresas.

No cadro 2.57 contéplanse as inversións aprobadas dos fondos de XESGALICIA dende a súa creación ata o 2009. Como se pode observar en 2000 aprobáronse 31 expedientes de inversión que supuxeron máis de 16 millóns de euros, descende en 2001 o número de inversións a 16 e lixeiramente a contía total –15,71 millóns de euros–. En 2002 tramítanse o mesmo número de expedientes de inversión que o ano anterior: 16, baixando o importe total a 11,13 millóns de euros e no ano 2003 os 20 expedientes aprobados alcanzan un montante total entre as subvencións de capital e préstamo de 25,45 millóns de euros dos que a parte máis importante corresponde aos 11 proxectos de Sodiga.

No ano 2004 baixan ostensiblemente tanto o número de proxectos aprobados -12 como a contía da inversión: 9 millóns 573 mil euros, en 2005 volven a baixar; neste caso en dous o número de proxectos que son só 10 e a contía do importe: 6 millóns 863 mil euros a cantidade máis cativa dende a creación da xestora.

En 2006 os 19 proxectos aprobados acadan un montante global de 37 millóns 378 mil euros, destacando fundamentalmente a inversión en forma de préstamo de SODIGA.

En 2007 os proxectos aprobados ascenden a 22 con un importe total –34 millóns 997 mil euros– lixeiramente inferior ao ano precedente, pero coa cifra máis alta de subvención de capital, dende a creación da xestora: 24 millóns 622 mil euros.

En 2008 os proxectos subvencionados chegan ao maior número dende a creación de Xesgalicia: 34, baixando a subvención de capital ostensiblemente con respecto a 2007, pero coa contía máis alta dos préstamos: 45 millóns 597 mil euros que acadan o importe total de maior contía do Fondo: 60 millóns 575 mil euros.

En 2009 baixan case á metade o número de proxectos e a subvención ao capital redúcese drasticamente: un millón 675 mil euros, pero mantense practicamente na mesma contía: 45 millóns 470 mil euros o volume dos préstamos.

Fondos de capital de risco de XESGALICIA 2000-2009

■ Cadro 2.57

Proxectos e Inversións		FONDOS			
		ADIANTE	EMPRENDE	SODIGA	TOTAL
Nº proxectos	2000	6	13	12	31
	2001	5	3	8	16
	2002	2	7	7	16
	2003	1	8	11	20
	2004	4	5	3	12
	2005	2	4	4	10
	2006	2	9	8	19
	2007	5	12	5	22
	2008	12	15	7	34
	2009	7	8	4	19
Capital ⁽¹⁾	2000	1.950	2.645	7.082	11.677
	2001	1.983	553	5.821	8.357
	2002	397	2.203	4.472	7.071
	2003	-	3.521	16.860	20.382
	2004	450	1.210	3.045	4.705
	2005	911	1.146	1.056	3.113
	2006	-	3.581	6.334	9.915
	2007	3.762	8.663	12.197	24.622
	2008	4.160	8.758	2.060	14.978
	2009	1.500	175	1.675	1.675
Préstamo ⁽¹⁾	2000	2.405	1.204	914	4.522
	2001	1.472	288	5.592	7.353
	2002	859	2.347	847	4.054
	2003	1.202	1.514	2.352	5.068
	2004	2.868	400	1.600	4.868
	2005	2.400	750	600	3.750
	2006	3.320	769	23.374	27.463
	2007	2.000	1.118	7.256	10.374
	2008	16.415	5.132	24.050	45.597
	2009	17.970	18.550	8.950	45.470
Total (cap. + prest.) ⁽¹⁾	2000	4.355	3.849	7.995	16.199
	2001	3.456	841	11.413	15.710
	2002	1.256	4.550	5.319	11.126
	2003	1.202	5.035	19.212	25.449
	2004	3.318	1.610	4.645	9.573
	2005	3.311	1.896	1.656	6.863
	2006	3.320	4.350	29.708	37.378
	2007	5.762	9.781	19.454	34.997
	2008	20.575	13.890	26.110	60.575
	2009	17.970	20.050	9.125	47.145

(1) Miles de euros.

Fonte: IGAPE (Xunta de Galicia).

Dentro da modalidade de subvencións ao investimento, o IGAPE continúa cunha acción de política industrial xa “clásica” en Galicia, porque se vén mantendo dende hai máis de dúas décadas a subvención do tipo de xuro dos cretos bancarios ás Pequenas e Medias Empresas (PEMES) galegas. Dita modalidade complementábase coa concesión de avais co obxecto de subministrar garantías ás empresas galegas (ou ás que teñan unidades produtivas en Galicia e destinen integramente ese diñeiro á creación, ampliación, reconversión ou reestruturación das mesmas) para investimentos e refinanciamento.

No cadro 2.58 contéplanse os datos dos programas de apoio financeiro ás PEMES de 2005 a 2009, dende a perspectiva provincial. En 2009 o número de expedientes increméntase nunha altísima contía: triplícase o número dos correspondentes ao ano anterior, acadando a cifra de 5.305 no total de Galicia o que da lugar tamén a unha importantísima suba dos préstamos concedidos que foi de 414 millóns 461 mil euros, case o triplo do ano anterior no total da comunidade. Por provincias dito incremento é máis acusado aínda en Lugo e na Coruña.

■ Cadro 2.58

Convenios de subsidiación de xuros e apoio á peme. Galicia 2005-2009

	Nº de expedientes					Préstamo subvencionable				
	2005	2006	2007	2008	2009	2005	2006	2007	2008	2009
A Coruña	280	343	473	562	1.782	42.096	44.955	35.244	56.610	168.020
Lugo	233	234	145	175	1.787	51.820	40.786	14.067	20.936	90.169
Ourense	85	84	110	262	535	11.062	10.787	8.536	18.247	35.578
Pontevedra	267	379	355	559	1.189	49.193	56.585	24.076	45.930	118.841
Sen especificar	-	-	-	-	12	-	-	-	-	1.853
Galicia	865	1.040	1.083	1.558	5.305	154.171	153.113	81.923	141.723	414.461

Elaboración propia.
(1) Datos en miles de euros.
Fonte: Igape.

O cadro 2.59 presenta a información do programa de apoio financeiro, en 2009, por sectores. A maioría das axudas por número de expedientes foron para o agricultura, seguida do comercio, construción e industria. A contía maior do préstamo, correspondente a máis de 136 millóns 341 mil euros, foi para empresas do sector de comercio ocupando os lugares posteriores o montante do préstamo concedidos ao sector de industria e a construción.

■ Cadro 2.59

Programas de apoio financeiro ás PEMES. Por sectores. Galicia. 2009

	Expedientes	Investimento subvencionable	Préstamo subvencionable	Subvención concedida
Agricultura	1.655	26.055.982	4.671.466	1.842.099
Comercio	1.262	139.479.657	136.341.195	6.616.767
Construción	649	83.701.249	83.103.457	4.244.769
Economía	2	36.000	36.000	2.970
Industria	647	108.934.676	95.432.161	4.724.683
Medio Ambiente	5	803.034	764.527	39.051
Pesca	28	3.333.923	3.315.790	173.591
Servizos	201	13.494.596	13.463.290	617.617
Servizos Sociais	4	291.536	217.533	24.096
Transporte	161	14.131.574	12.674.673	580.035
Turismo	101	10.927.509	10.250.265	634.372
Outros	590	56.663.010	54.190.512	5.888.993
Total	5.305	457.852.746	414.460.869	25.389.043

Datos en euros.
Fonte: IGAPE.

No cadro 2.60 contémlanse os datos dos tres últimos anos do programa de apoio á continuidade e mellora competitiva da Peme, unha das liñas importantes do Plan de consolidación e competitividade da Peme de actuación actual do IGAPE. Engádense en 2009 outras axudas que adquiren un importante desenvolvemento, axudas para os custos do análises para o acceso ao Mercado Alternativo Bancario(MAB), e as do plan Removete, complementarias das da Administración Central para a automoción, que supoñen un monto de máis de 16 millóns 98 mil euros. Dos expedientes en 2009 das outras modalidades os importes máis importantes corresponden aos incentivos económicos a proxectos con investimento empresarial: 8 millóns 363 mil euros e aos programas de Innoempresa: 4 millóns 221 mil euros.

■ Cadro 2.60

Programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME.e Innoempresa Galicia. 2007-2009

Modalidade	Nº de proxectos			Investim. Subvencionable			Subvención concedida		
	2007	2008	2009	2007	2008	2009	2007	2008	2009
Mellora competitiva/productividade	658	-	-	74.712.116	-	-	20.029.564	-	-
Programa Innoempresa (1)	434	526	175	11.397.496	15.556.943	10.316.158	4.351.571	5.904.873	4.221.139
Apoios a proxectos colaborativos de carácter empresarial	-	106	146	-	4.313.335	5.505.269	-	2.476.803	2.799.050
Incentivos económicos a proxectos con investim. empresarial	-	515	276	-	74.603.474	37.598.824	-	14.438.848	8.363.361
Iniciativas xeradoras de coñecemento nas pemes galegas	-	425	351	-	3.514.571	3.632.879	-	1.740.641	1.783.760
Emprendedores	-	-	24	-	-	4.124.345	-	-	1.041.150
Outras axudas(análise para o acceso ao MAB,Plan REMOVETE)	-	-	21.765	-	-	360.239.194	-	-	16.098.834
Total	1.092	1.572	22.737	86.109.612	97.988.323	421.416.669	24.381.135	24.561.165	34.307.294

PCCP: Plan de Consolidación e Competitividade da PEME.

(1) Innovación organizativa, Innovación Tecnolóxica e Innovación en colaboración.

Fonte: Igape- Xunta de Galicia.

Os programas de apoio á expansión exterior das empresas galegas constitúen unha importante liña de actuación na actividade do Igape e vai adquirindo unha crecente importancia. Como se recolle no cadro 2.61 subvencionáronse 340 solicitudes por un importe de máis de 3 millóns 900 mil euros.

■ Cadro 2.61

Programas de apoio a expansión exterior das empresas. 2009(*)

	Nº de expedientes		
	Nº solicitudes	Investim. Subvencionable	Subvención concedida
A Coruña	157	3.967.574	2.028.284
Lugo	12	116.684	82.342
Ourense	24	236.666	203.601
Pontevedra	147	3.507.785	1.585.818
Galicia	340	7.828.709	3.900.045

(*) Axudas á internacionalización das empresas galegas.

Elaboración propia.

(1) Datos en euros.

Fonte: Igape.

O cadro 2.62 ofrece os datos de subvención a fondo perdido do IGAPE para grandes investimentos empresariais: 2007 a 2009. O importe global para os 40 expedientes do 2009 –46 menos que o ano anterior– acadou unha contía da subvención de 15 millóns 366 mil euros –28 millóns 117 mil euros menos que en 2008–.

Cadro 2.62

Programas de apoio asimilados a subvencións ao emprego estable (grandes investimentos empresariais). Galicia 2007- 2009

	Nº expdtes.			Gasto subvencionable			Subvención			Emprego a crear			Emprego a manter		
	2007	2008	2009	2007	2008	2009	2007	2008	2009	2007	2008	2009	2007	2008	2009
A Coruña	32	41	11	137.917.470	149.550.894	67.806.265	17.097.220	21.576.214	7.231.240	228	715	72	534	1.857	4.382
Lugo	8	14	4	14.307.949	30.043.843	3.854.356	1.730.122	3.947.484	532.337	59	102	5	89	222	206
Ourense	9	10	5	71.310.388	46.651.510	7.209.967	8.683.969	9.320.056	1.247.310	143	142	27	854	615	82
Pontevedra	33	21	20	87.280.583	74.266.746	47.292.138	9.438.106	8.638.904	6.355.217	262	174	121	1.363	1.484	814
Galicia	82	86	40	310.816.390	300.512.993	126.162.726	36.949.417	43.482.658	15.366.104	692	1.133	225	2.840	4.178	5.484

Importes en euros.

Fonte: IGAPE (Xunta de Galicia).

Nos cadros 2.63 a 2.66 recóllense as subvencións e axudas das distintas consellerías da Xunta de Galicia que teñen incidencia na incentivación empresarial e industrial, agrupadas por programas segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega de 2009.

Subvencións e axudas das Consellerías de Economía e Facenda e Innovación, Industria e Comercio (capítulo VII). Galicia. 2007-2009

■ Cadro 2.63

	Programa	Concepto	2007	2008	2009
561A	Plan Galego de I+D e Innovac. Tecnolóxica	Proxectos de investigación de organismos autónomos da C.A.	470.000		105.000
		Proxectos de investigación en entes públicos do Estado			50.000
		Transfer. De capital a Entidades de Dereito Publico	5.855.580	6.028.021	5.683.077
		Fundac. Fomento da Calidade	494.818	515.000	515.000
		Transferencias de capital a Fundacións Públicas	9.055.835	4.921.971	4.296.850
		Axudas e convenios de I+D a Corporacións Locais	170.000	184.665	62.378
		Colaboración con empresas privadas para I+D	25.512.632	26.065.594	24.039.191
		Apoio a investigadores e tecnólogos	315.000	150.000	
		Proxectos e infraestruturas de investigación	8.733.157	10.197.837	13.904.278
		Axudas ao exterior	100.000	30.000	
561B	Investigación Universitaria	Consortios participados maioritariamente pola C.A.	1.300.000	1.300.000	1.300.000
		Transf. de capital a Universidades da C.A. en I+D	20.723.967	23.742.875	25.904.899
571A	Fomento da Sociedade da Información e do Coñecemento	A Sociedades Mercantis da C.A.	310.000		
		Cooperación coa Fundación Pública Calidade	800.000		
		Cooperación coas Universidades en materia de Sociedade da Información	390.000	545.000	190.000
		Cooperación con outros Entes Públicos en materia de Sociedade da Información	30.000		
		Cooperación con Entes Locais en materia de Sociedade da Información	2.000.000	1.650.000	
		Transferencia a Fundación para o fomento da calidade ind. e desenv. Tecnol. de Galicia		3.684.926	1.650.000
		Achegas as empresas para o desenvolvemento da soc. da información		16.232.120	12.899.950
572A	Desenvolv. Infraestructural e empresarial da Soc. da Información e do Coñecemento	Achegas as entidades locais para o desenvolvemento das tecnoloxías da infor. e telecom.			
		Achegas as instit. sen fin de lucro para proxectos da soc. da información		171.610	1.300.000
		Achegas a Asociacións empresariais para o desenvol. da Soc. da Información	4.568.200		3.021.040
732A	Regulación e Soporte da Actividade Industrial	Achegas ás empresas para o desenvol. Da Soc. da Información	15.000.000		
		Desenvolv. das tecnoloxías da Informac. e das Telecomunicacións	760.000		
		Achegas a Asociacións empresariais para o desenvol. da Soc. da Información			
733A	Eficiencia enerxética e enerxías renovables	Actuacións para infraestruturas en polígonos industriais	6.413.339	3.750.000	3.767.000
		Seguridade industrial	794.000	810.000	700.000
733B	Infraestructuras enerxéticas	Instituto Enerxético de Galicia	7.185.000	8.000.000	8.500.000
		Transferencias a Fundacións Públicas	140.000	200.000	
		Fomento de enerxías renovables en Concellos	80.000		
734A	Fomento da Minaría	Infraestructuras enerxéticas municipais	300.000	1.100.000	1.959.000
		Mellora das estruturas enerxéticas	1.100.000	1.913.012	1.542.000
		Infraestructuras eléctricas no medio rural	13.937.761	14.000.000	12.925.000
		Infraestructuras gasistas	883.000	1.286.988	1.458.000
741A	Moderniz. Internac.e mellora da compet.,innov.e produc. empresarial	Convenio Confederación Hidrográfica do Norte	799.490	536.169	136.000
		Convenio coa Camara Mineira de Galicia	105.000	120.000	300.000
		Fomento da Minaría -Seguridade	750.000	800.000	800.000
		Fomento de actividades minerais non metálicas		800.000	800.000
		A entidades Públicas para estudo da silicose en Galicia		100.000	
		Proxecto As Pedriras. Universidade Santiago			80.000
		Plan carbón 2006-2012			6.453.000
		Transferencia ao IGAPE	98.156.000	102.665.360	106.045.360
		Transferencia de capital a Meisa	667.687	707.748	
		Parque Tecnolóxico de Galicia	800.000	1.520.566	1.700.000
741C	Acción Exterior captación e Investim. Estratéxicos	Apoio á innovación empresarial	19.793.829	19.190.000	17.069.327
		Axudas de intermediación e plataformas tecnolóxicas	3.000.000	4.000.000	3.270.000
		Plan Pipes	150.000		
		Transferencias a Galicia Calidade	1.337.872	1.400.000	1.500.000
		Cooperación coa Fundación Pública Calidade	460.000		
		Cooperación coas Universidades en materia de promoción Industrial	60.000		
		Cooperación con outros Entes Públicos en materia de promoción Industrial	12.000		
		Achegas ás empresas non pemes	628.387		
		Achegas para o fortalecem. da Industria Naval Tractora e Auxiliar	4.740.000	3.500.000	3.000.000
		Actuacións das Asociacións empresariais	600.000	2.000.000	
		Sensibilización en Excelencia e Cooperación empresarial	200.000		
		Transferencia á Axencia galega de Innov. e desenv. industrial		200.000	
		Achegas ás Camaras de Comercio Galegas		1.857.075	2.514.000
		Achegas para a promoción, intern. e mellora da competitividade das empresas		5.716.619	2.100.000
		Achegas para a mellora da competitividade das empresas galegas		1.000.000	4.294.600
		Achegas para a promoción e internacionalización		2.000.000	4.214.156
		Achegas a redes e servizos de promoción no exterior		100.000	
Achegas aos clusters e asociacións empresariais			2.404.254		
Transferencias a Fundacións Públicas			800.000		
741E	Apoio a pequena e Mediana Empresa	Cooperac. coas Universidades para formac. en comercio Exterior	400.000		
		Convenio Cámaras de Comercio Plan FOEXGA	1.500.000		
		Achegas para Promoción no Exterior	180.000		
741F	Apoio á Artesanía	Fomento da Cooperación con Outros Entes Públicos	12.000		
		Fomento da Cooperación , Promoción Industrial, Excelencia e Calidade	1.778.319		
751A	Ordenac. Regulación e Promoc. Do Comercio Interior de Galicia	Fomento da Cooperación Empresarial	300.000		
		Transferencia ao IGAPE		1.380.000	
		Fundación Centro galego de Artesanía e Deseño	1.150.000	1.450.000	1.620.000
		Achegas a Corporacións Locais en materia de Artesanía	225.000		
		Apoio ao Sector Artesanal	800.000	800.000	850.000
		Achegas a Asociacións en materia de Artesanía	200.000	125.000	140.000
		Convenios IGAPE apoio finceiro comercio polo miúdo	35.000		
		Equipamentos comerciais de carácter social	2.969.000	240.000	
		Vertebración Comercio Urbano	1.502.000	119.000	
		Ordenación de Espazos Comerciais Municipais	4.450.000	7.500.000	9.700.000
761A	Coordinación e Promoción do Turismo	Adecuación Planeamentos Comerciais Municipais	900.000		
		Mercado de Santiago de Compostela	150.000	568.143	50.000
		Mercado de Ourense			200.000
		Renovación e Fomento da Cidade no Comercio Retailista	2.600.000	2.680.000	3.000.000
		Rexeneración do Tecido Empresarial Comercial	3.200.000	3.000.000	300.000
		Fomento do Comercio Rural	1.800.000	1.500.000	1.900.000
		Rede Comercio Rural Galego		1.500.000	1.640.000
		Achegas para a Implantación de normas UNE no Comercio Retailista	120.000		
		Fundacións e Consortios Feriais: Promoc. e Mellora da Calidade dos Servizos	1.000.000	900.000	900.000
		Asociacionismo comercial e integracións extratéxicas		6.817.857	7.700.000
		Financ. Sociedade de Imaxe e Promoc. Turística de Galicia	16.472.077	16.500.000	18.000.000
		S.A Xestión do Plan Xacobeo	4.475.502	4.520.000	5.020.000
		Instituto de estudos turísticos		300.000	300.000
		Convenios con Universidades	732.000	750.000	750.000
		Mellora dos Recursos Turísticos das Entidades Locais	4.126.967	4.200.000	3.800.000
		Subvencións a Consellos Costeiros	650.000	600.000	400.000
		Subvencións a Festas de Interese Turístico	687.314	800.000	1.200.000
Fomento do Turismo no Medio Rural	4.952.674	5.002.674	4.036.842		
Creación e mellora da Infraestructura Turística	2.700.000	2.500.000	2.041.009		
Mellora de cafeterías,bares e restaurantes	800.000	400.000			
Subvencións a Hoteis do Litoral	47.989				
Fomento do Turismo Termal	200.000				
Achegas para a Implantación de normas UNE	60.000				
Mellora da Infraestruc. Turismo Deportivo Golf, Náutico	400.000	397.326	600.000		
Convenios co Clubs Deportivos	400.000	400.000			
Subvencións a Asociacións para festas de interese turístico		650.000			
Convenios con Universidades			750.000		
Axudas a Entidades para actuacións de interese turístico			1.247.326		
Plan de sinalización turística			584.823		
Total			321.658.396	340.283.156	349.983.360

Elaboración propia.

Datos en euros.

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da CA Galega.

■ Cadro 2.64 Subvencións e axudas da Consellería do Medio Rural (capítulo VII). Galicia. 2007-2009

	Programa	Concepto	2007	2008	2009
422L	Capacitación e extensión agroforestal	transferencias a empresas colaboradoras programas de formación e transferencia tecnolóxica Asociacións colaboradoras programas de de formación e transferencia tecnolóxica		375.000 300.000	275.000
551A	Infraestruturas e Equipamentos No Medio Rural	Adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos(*) Convenio con Seiasa del Norte S.A. S.A. Desenvolvemento Comarcal de Galicia Proxectos Dinamización Socioeconómica do Medio Rural	240.000 663.315 300.000 450.000	240.000 331.658 340.000	240.000 5.285.000 100.000
551B	Accións preventivas e infraestrutura forestal	investimentos en materia de incendios (corp. locais) investimentos en materia de incendios (empresas privadas)	4.871.429 2.857.143	10.100.000 2.857.143	6.500.000 3.000.000
561A	Plan Galego de Investigación, desnviv. e Innovación Tecnolóxica	Transferencias ó INGACAL Transferencias ó Centro Tecnolóxico da Carne Subvencións e convenios coas universidades Desenvolvemento novos procesos e tecnoloxías	170.000 24.000	2.678.116 100.000 68.250 1.500.000	3.215.217 85.000 2.235.673
712A	Fixación de Poboación No Medio Rural	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	19.716.937	36.775.595	36.507.681
712B	Modernización e Diversificación do Tecido Productivo Rural	Axudas á Mellora da Eficacia e Sostenibilidade de Explot. Agrarias Impulso das explotacións de produción ecolóxica Modernización e Diversificación das explotacións Xestión Banco de Cotas Lácteas Cese Gandeiro Contrato Agroambiental de Explotacións e Axudas ESPEC Axudas a Transición da Renovación da Titularidade Agraria Axudas ao Asesoramento dos Produtores Axudas ao Asesoramento dos Produtores en Zonas Especiais Axudas a produtores en zonas especiais Axudas para investimentos nos viveiros	53.914.920 1.000.000 400.000 1.100.000 13.921.079 14.640.603 4.000.000 1.384.616	28.000.000 18.486.591 11.560.626 3.000.000 200.000	39.037.157 17.100.000 10.000.000 2.100.000
712C	Fomento do Asocionismo agrario e Divulgación da Tecnoloxía Agraria	Fomento Asociacionismo Agrario Fomento Maquinaria en Común Novas tecnoloxías en maquinaria Fomento da Actividade de Hortofloricultura Programas Zootécnicos Implantación de Tics en Cooperativas Programa de mellora da calidade do leite	2.255.357 3.732.143 20.000 964.286 220.000	3.000.000 2.000.000 1.848.238 280.000	1.370.000 2.500.000 540.330 118.000 540.330
713 A	Mobilidade de Terras Agrarias Improductivas	Transferencias de Capital a Bantegal Fomento da Mobilización de Terras Superficies Incultas e Infratilizadas Mellora das Explotacións Agrarias Incentivo das colaboracións coas corp. locais Fomento de movemento de terras particulares Axudas a empresas Axudas o desenvolvemento da X.F.S. Programas de valorización	400.000 400.000 3.000.001 300.000	885.000 362.500 1.040.000 600.000 2.453.605 350.000 1.000.000	730.000 400.000 2.400.000 1.100.000 500.000
713B	Ordenación das producións forestais	Axudas par a creación e mellora das masas forestais	14.434.779	27.947.265	28.376.311
713C	Implantación de Sistemas Productivos Agrarios Sustentables	Plan de Ordenación e Fomento do Sector Equino Asesoramento Mellora Calidade Productiva Axudas difusión razas autóctonas Sistemas agrarios sustentables Renovación parque de tractores Control do rendemento leiteiro Contratos de explotacións sustentables (axudas ao benestar animal) Plan de ordenación e fomento do sector equino Fomento Utilización Recursos Zoonéticos autóctonos Apoio Utilización Semen Frísón galego Adecuación dos Viveiros á Normativa Comunitaria Reestruturación Sistemas Productivos Incentivos na Actividade Agraria Valorización do Cabalo galego Novas técnicas de Diagnóstico e Reproductivas Axudas programas de cría	926.430 1.607.143 2.102.857 880.000 228.571 5.521.921 7.800.000 214.286 550.000	500.000 1.160.000 1.000.000 4.500.000 1.649.334 2.102.857 50.000 7.800.000 214.826 550.000 880.000	535.536 50.000 540.330 675.927 2.102.858 50.000 7.800.000 150.000 550.000 670.000
713D	Mellora da Calidade na Producción Agroalimentaria	Ordenación de Producións e Mercados Agrarios Promoción e Comercialización Agroalimentaria Participación de produtores en programas de calidade diferenciada Plan impulso sector gandería intensiva	8.500.000 2.180.953	8.000.000 2.180.953 1.000.000 500.000	6.500.000 2.572.597 1.500.000
713E	Benestar Animal e Sanidade Vexetal	Programas Sanitarios Especiais Agrupacións de Defensa Sanitaria Plan Apícola Galego Gastos Axudas Programas Sanidade Animal Axudas Adaptación Normas Sanidade Animal Agrupacións sanidade vexetal pragas cuarentena	2.500.000 1.753.224 480.810 3.340.966 160.714	2.700.000 2.591.332 480.810 3.400.000 160.174	2.225.968 2.691.640 383.232 3.400.000 160.714 200.000
713F	Regulacións das Produccións Agrarias e Apoio á Renda dos Agricultores	Fondo Galego de Garantía Agraria	58.807.678	58.865.828	53.892.262
741A	Moderniz., Internac. e Mellora da Compet., Innov. e Produc. Empresarial	Apoio á Industrialización e Comercialización	20.000.000	15.000.000	27.000.000
	Total		262.936.161	273.965.701	278.165.018

Datos en euros.
Inclúe tamén ao FEOGA.
Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da CA Galega.

■ Cadro 2.65

Subvencións e axudas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
(capítulo VII). Galicia. 2007-2009

	Programa	Concepto	2007	2008	2009
541C	Protec. e Mellora do Medio Natural Marítimo	Medidas Protección Fauna e Flora	770.000		
721A	Dirección e Servizos Xerais de Políticas Pesqueiras	Transferencias de Capital ao Intecmar	3.000.000	2.000.000	1.600.000
		Plan de Pensións para as Mariscadoras	1.000.000	2.600.000	2.000.000
722A	Promoción Social e Divulgación da Tecnoloxía Pesqueira	Desenvolvemento Sostible de Zonas Costeiras	2.083.333		
		Promoción Cooperativa e divulgación da Tecnoloxía	196.000	6.700.000	
		Xestión integral de zonas costeiras			6.740.000
		Axudas Pesca Costeira Artesanal	784.000		
		Equipamento para a divulgación sobre o litoral de Galicia	465.000	650.000	600.000
		Proxectos Piloto	300.000	700.000	700.000
		Transformación de buques	200.000	266.500	266.500
		Microproxectos de innovación no sector pesqueiro		150.000	150.000
		Proxecto peixe verde CEPTEC			550.000
723A	Competitiv. e Mellora da Produc. Pesqueira e da Acuicultura	Axudas para Proxectos de Xestión Integral dos Recursos Mariños	6.772.908	6.000.000	
		Cofinanciamento Incorporación Fondos Europeos	278.220	975.000	
		Axuste dos Esforzos Pesqueiros	4.000.000	14.096.000	
		Axudas á Paralizac. Temporal das actividades Pesqueiras	280.000	500.000	584.590
		Ordena., restruct., fomento mellora da produc. pesqueira e de cultivos mariños	9.741.778	23.445.805	26.842.087
		Competitividade e mellora da produc. pesqueira e de cultivos mariños	58.666.667	43.041.000	34.455.032
		Axudas á acuicultura e os cultivos mariños	42.718.541	12.309.000	10.000.000
		Protec. e mellora ambiental e conservac. da Natureza	500.000		
		Control e erradicac. de enfermidades na acuicultura	500.000		
		Medidas de carácter socioeconómico	3.080.000	2.971.000	1.285.383
		Axudas a pescadores pola paralizac. temporal das actividades	820.000	500.000	
		Pesca costeira artesanal			1.254.576
723B	Regulación das Producións e dos Mercados da Pesca	Subscripción de un Seguro de mal tempo para o Sector	1.380.100	1.380.100	1.783.500
		Desenvolvemento sostible de zonas de pesca		5.404.000	
		Cofinanciamento incorporacións fondos europeos			1.296.230
		Transferencia de capital á Axencia de desenvolv. Sustentable de zonas de pesca			200.000
	Total		137.536.547	123.688.405	96.021.898

Datos en euros.

Inclúe tamén ao IFOP.

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da CA Galega.

■ Cadro 2.66

Subvencións e axudas da Consellería de Medio Ambiente (capítulo VII).
Galicia. 2007-2009

	Programa	Concepto	2007	2008	2009
541A	Dirección e Servizos Xerais de Medio Ambiente	Mellora dos entornos ambientais(Corporacións Locais)	4.451.734	4.932.149	3.406.119
		Axudas no eido medioambiental	1.029.840	1.120.000	803.000
541B	Conservación da Biodiversidade e posta en valor do Medio Natural	Axudas a Concellos para a protección de animais domésticos	416.000	450.000	450.000
		Axudas a Concellos Rede Natura 2000	1.000.000	700.000	1.400.000
		Axudas a Parques Naturais	920.000	-	-
		Axudas á ordenación da actividade cinexética e piscícola	890.000	809.500	894.500
		Axudas a propietarios incluídos en zonas de protección da Natureza	500.000	-	-
		Convenios con Fundacións	150.000	200.000	120.000
		Convenios con Universidades	-	300.000	20.000
		Accións de conservación e ordenación do medio natural	-	129.301	-
		Medidas compensatorias no contorno dos espazos protexidos	-	1.186.102	1.130.000
		Axudas a entidades sen ánimo de lucro	-	100.000	-
		Control especies invasoras do medio natural	-	-	100.000
541D	Control ambiental e xestión de residuos	Recuperación de espazos degradados (admon. Xeral do Estado)	300.000	168.086	67.543
		Parque Medioambiental de Galicia	300.000	-	-
		Xestión de residuos urbanos	850.000	-	-
		Axudas para a mellora ambiental dos Concellos	2.616.899	700.000	700.000
		Subvencións en materia de Medio Ambiente Industrial (empresas)	1.500.000	3.320.000	4.582.293
		Subvencións en materia de Medio Ambiente Industrial (institucións sen fin de lucro)	150.000	150.000	-
		Implantación de sistemas de xestión medioambiental	-	-	150.000
		colaboración có exterior en materia de calidade ambiental	-	-	50.000
541E	Coñecemento do Medio Ambiente e fomento da Sustentabilidade	Axudas a Universidades	270.000	343.250	255.000
		Plan de Educación ambiental (Entes Locais)	920.000	761.000	944.274
		Promoción e implementación da memoria de sustentabilidade	50.000	20.000	-
		Plan de Educación ambiental (institucións sen fin de lucro)	120.000	84.000	63.000
		Axudas ao exterior	40.000	50.000	50.000
542A	Planificación e Xestión Hidrolóxica	Transferencias de capital a Augas de Galicia	8.982.000	11.522.423	14.805.000
542B	Infraestruturas e Xestión de Abastecementos e Saneamento	Transferencias de capital a Augas de Galicia	83.642.868	95.544.979	95.400.459
		Hidrocarburos, tramo Autonómico	10.278.900	10.278.000	10.746.591
	Total		119.378.241	132.868.790	136.137.779

Datos en euros.

(1) Só comprende subvencións a empresas, non a familias, institucións sen fins de lucro, corporacións locais e organismos autónomos administrativos da Comunidade Autónoma.

Fonte: Xunta de Galicia. Orzamentos xerais da CA Galega.